

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

28 de outubro de 2022

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e oito de outubro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sra. Presidenta.- Ola, bo día a todas e a todos. Imos a iniciar o Pleno ordinario de 28 de outubro do 2022.



1.7872.- **ACTA ANTERIOR**

Sra. Presidenta.- En primeiro lugar a aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria do 30 de setembro de 2022. ¿Hai algunha observación? Pois, entendo que queda aprobada por unanimidade.

Acórdase por unanimidade aprobar o borrador da acta da anterior sesión, ordinaria do día 30 de setembro de 2022.

a) Parte resolutiva:

2.7873.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE SEGREGACIÓN DA FINCA MOURISCADE E TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE, MEDIANTE MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA, A FAVOR DO CONCELLO DE LALÍN DE VARIAS PARCELAS SEGREGADAS PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO “ESPAZO MOURISCADE” (EXPTEs. 2022063823 – 2021012196)**

Sra. Presidenta.- Pasamos á parte resolutiva. No punto 2 da orde do día. Aprobación inicial do expediente de segregación da Finca Mouriscade e transmisión da titularidade, mediante mutación demanial subxectiva, a favor do Concello de Lalín de varias parcelas segregadas para a execución do proxecto “Espazo Mouriscade”. Para informar sobre este punto ten a palabra o señor ...

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Bo día a todas e a todos. Este asunto que traemos a votación deriva da solicitude do Concello de Lalín, para a cesión do pleno dominio de varias parcelas e inmobles da Finca Mouriscade. En concreto os espazos solicitados para a súa cesión que actualmente están en desuso, ademais de non considerarse prioritarias para o desenvolvemento da actividade da propia finca, corresponden a varias edificacións e as fincas nas que se ubican o antigo laboratorio, a casona e as edificacións auxiliares da mesma (hórreo, forno, granxa de perdices, eira, etc.). Ademais co fin de que a rede viaria municipal de acceso conte cun ancho total de 8 metros, cédesese tamén ó concello unha superficie de 723 m² para incorporar dita superficie á estrada municipal de acceso ás edificacións, garantizando así que non sexa necesario a realización dun novo documento de segregación e cesión no caso de querer executar obras de



pechamento que deben de estar a 4 m. do viario. Con estas cesións a pretensión do concello é darlle unha volta, unha nova, perdón, utilidade, tanto ás edificacións como ós terreos para o desenvolvemento e posta en valor do proxecto “Espazo Mouriscade”. “Espazo Mouriscade” xirará en torno a dous eixos: o primeiro deles, co que se ampliarán as actuais instalacións da área recreativa e de ocio lindeira co río Asneiro, nas que se atopan o albergue xuvenil “Vicente Agulló”, o clube hípico “Juan Oliveira” e o Centro Ocupacional “Aspadeza”; segundo, para a posta en valor dun centro dedicado ó mundo rural. A valoración das parcelas segregadas é o seguinte: Finca necesaria para o desenvolvemento das accións do eixo 1 mencionado, 894.000 euros, finca necesaria para o desenvolvemento das accións do eixo 2, 421.000 euros. A fórmula administrativa para efectuar esta cesión sería unha mutación demanial subxectiva a favor do Concello de Lalín que deberá destinar as parcelas e construcións cedidas exclusivamente ó desenvolvemento do proxecto de posta en valor do “Espazo Mouriscade”, nun prazo máximo de 5 anos, e dedicar os bens a este mesmo destino durante os 30 anos seguintes. En caso de incumprimento polo Concello de Lalín desta finalidade da cesión esta considerarase resolta, e as parcelas cedidas reverterán á Deputación de Pontevedra que terá dereito a percibir do Concello de Lalín, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos. Os bens cedidos reverterán no seu caso ó patrimonio da Deputación con todas as súas pertencenzas e accesións. En todo caso, indicar que este acordo de aprobación inicial do expediente de cesión gratuíta ó Concello de Lalín exporase ó público, para os efectos de alegacións e reclamacións, por un período de 20 días hábiles contados desde o día seguinte ó da publicación do anuncio no BOPPO. As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados no seu caso polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital que formulará ó Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente. No caso de que non se formularan alegacións ou reclamacións ó expediente durante o prazo de exposición pública a cesión entenderase definitivamente aprobada. Muchas grazas.

Sra. Presidenta.- Grazas Sr. Font. Non hai máis intervencións, polo tanto, someto a votación este punto de aprobación inicial do expediente de segregación da Finca Mouriscade a favor do Concello de Lalín. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.



A Deputación Provincial de Pontevedra é propietaria da finca denominada “Mouriscade”, situada no lugar do mesmo nome, parroquia de Vilanova, Concello de Lalín (Pontevedra), que foi adquirida pola Deputación mediante escritura pública de compravenda número 400 outorgada ante o notario de Lalín don Miguel Gallego Almansa na data de 25/04/1973. Figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Lalín no tomo 523, libro 167, folio 228, finca 22095, 1ª inscrición. Así mesmo figura inscrita no Inventario de Bens e Dereitos da Deputación no epígrafe 1 “bens inmoables-terreos” co código de inventario 1.2.000008, con cualificación xurídica de ben demanial de servizo público. A descrición da finca “Mouriscade” segundo detalle das parcelas que a conforman, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma, recóllese xunto co plano de dita finca no documento que se incorpora como **ANEXO 1**.

Resultando que en data 15.03.2021 o Concello de Lalín solicitou á Deputación de Pontevedra a cesión do pleno dominio de varias parcelas e inmoables da Finca Mouriscade, para o desenvolvemento e posta en valor do proxecto “Espazo Mouriscade”. Este proxecto, segundo se indica na memoria presentada polo concello, xira arredor de dous eixos vertebradores:

- 1.- Eixo 1: ampliación das actuais instalacións da área recreativa e de ocio lindeira co río Asneiro, nas que se atopa o albergue xuvenil “Vicente Agulló”, o clube hípico “Juan Oliveira” e o centro ocupacional “Aspadeza”.
- 2.- Eixo 2: posta en valor dun centro dedicado ao mundo rural nas instalacións en desuso de Mouriscade [antigo laboratorio, a casona e as edificacións auxiliares da mesma (hórreo, forno, granxa de perdices, eira...)].

Resultando que en data 30.04.2021 a xefa de Servizo de Medio Natural (Finca Mouriscade) emite informe, co conforme do Deputado delegado, no que se delimitan as parcelas da Finca Mouriscade que poden ser cedidas ao concello, manifestando a súa conformidade con dita cesión por non ser necesarias ditas parcelas para as actividades da devandita finca.

Resultando que en data 13.05.2021 a xefa de Servizo de Arquitectura e Urbanismo da Deputación emite informe de viabilidade urbanística para efectuar a segregación e cesión ao Concello de Lalín do pleno dominio das parcelas da Finca de Mouriscade propostas indicando que se require a tramitación do correspondente expediente de declaración de innecesiedade de segregación en solo rústico dos terreos, nos termos do réxime establecido nos art. 150.6.b) da



Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e 368.6.b) do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), de forma que as parcelas de resultado reúnan as condicións esixibles nos arts. 39 LSG e 59 a 61 do RLSG.

Resultando que en data 29/04/2022, a través de Resolución Presidencial nº 2022003251, aprobouse o proxecto técnico no que se determinan as parcelas resultantes da segregación da Finca Mouriscade, sendo as solicitadas polo Concello de Lalín as identificadas como “Finca Eixo 1” e “Finca Eixo 2”. Ademais destas dúas fincas, en dito proxecto sinalase que, co fin de que a rede viaria conte cun ancho total de 8 metros, corresponde segregar e ceder tamén ó concello unha superficie de 723 m² procedente da parcela con referencia catastral 36024A265026930000YX, para incorporar dita superficie á estrada municipal con referencia catastral 36024A265090070000YI, segundo plano de detalle que figura no documento que se incorporará como **ANEXO 2**.

A descrición das parcelas resultantes da segregación co detalle das superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma se recollen xunto cos planos das mesmas nos documentos que se indican a continuación que se incorporan como anexos 3, 4 e 5:

ANEXO 3: “Descrición da parcela segregada “Finca Eixo 1” (cesión ó Concello de Lalín).

ANEXO 4: “Descrición da parcela segregada “Finca Eixo 2” (cesión ó Concello de Lalín).

ANEXO 5: “Descrición da “Finca resto da finca matriz”.

Resultando que en data 16/06/2022 a Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, acordou declarar a innecesariedade de licenza municipal de segregación solicitada pola Deputación Provincial de Pontevedra dos terreos na Finca Mouriscade para a cesión ao Concello de Lalín das parcelas previstas no proxecto de posta en valor do “Espazo Mouriscade” – Lalín, para os efectos previstos no artigo 150.6.b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).

Visto o informe do técnico adxunto á xefatura do Servizo de Contratación Facenda e Patrimonio de data 07/10/2022 que conclúe o seguinte:

“(…) CONCLUSIÓN:



A Finca Mouriscade propiedade da Deputación situada no Concello de Lalín (Pontevedra), figura rexistrada no Inventario de bens provincial coa cualificación de ben demanial de servizo público.

O Concello de Lalín solicitou a cesión en propiedade de varias parcelas da Finca Mouriscade e das edificacións existentes nas mesmas para a execución do proxecto “Espazo Mouriscade”.

As parcelas a ceder ó concello delimitáronse a través de proxecto técnico de segregación que conta con declaración de innecesariedade de licenza municipal de segregación do Concello de Lalín, sendo as seguintes:

- Unha superficie de 723 m² procedente da parcela con referencia catastral 36024A265026930000YX para incorporar dita superficie á estrada municipal con referencia catastral 36024A265090070000YI, co fin de que esta acade un ancho de ocupación de oito metros, segundo detalle que figura no ANEXO 2.
- A Finca Eixo 1, segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no ANEXO 3.
- A Finca Eixo 2, segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no ANEXO 4.

Unha vez segregadas da Finca “Mouriscade” as fincas anteriormente indicadas, a Finca Mouriscade “Resto da Finca matriz” queda conformada segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no ANEXO 5.

A valoración económica das parcelas son as seguintes, segundo informes técnicos que obran no expediente:

- Valoración Finca Eixo 1: 894.285,46 € (cesión ó Concello de Lalín).
- Valoración Finca Eixo 2: 421.311,79 € (cesión ó Concello de Lalín).
- Valoración Finca Resto da finca matriz: 1.582.202,80 €.

A figura xurídica para a transmisión da titularidade das parcelas a favor do Concello é a mutación demanial subxectiva tendo en conta a demanialidade da Finca Mouriscade e que dita transmisión se realiza para a execución do proxecto “Espazo Mouriscade”, que ten como obxectivo destinar os inmobles a fins de uso xeral ou servizo público de competencia do concello, segundo se indica na memoria de dito proxecto presentada polo concello que obra no expediente.

A transmisión da titularidade dos inmobles a favor do concello require a tramitación de expediente administrativo, debendo expoñerse ó público o acordo de aprobación inicial durante un prazo de 20 días para que as persoas interesadas poidan presentar alegacións ó mesmo. En caso de que non se presenten alegacións, a cesión gratuíta considerárase aprobada definitivamente.



O Concello de Lalín deberá destinar as parcelas e construcións obxecto da presente cesión ó desenvolvemento do proxecto de posta en valor do “Espazo Mouriscade”, segundo a memoria presentada.

En caso de incumprimento polo Concello de Lalín da finalidade da cesión, esta considerárase resolta, e as parcelas cedidas reverterán á Deputación de Pontevedra, que terá dereito a percibir do Concello de Lalín, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao Patrimonio da Deputación con todas as súas pertenzas e accesións.

A transmisión de titularidade deberá formalizarse mediante documento administrativo entre as Administracións intervenientes, de conformidade co disposto no artigo 29.3 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, para o que resulta apropiado acudir á figura do convenio administrativo”.

Resultando que en data 14/10/2022 o Secretario Xeral emite informe preceptivo (CSV: LE5F7ZJ36BDO1G04) que conclúe o seguinte:

“(…) Préstase conformidade á proposta de cesión da titularidade ao Concello de Lalín de varias parcelas e inmobles da Finca Mouriscade da Deputación Provincial de Pontevedra, tendo en conta o informe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e no que se constata o carácter gratuito e a existencia dun interese social na súa finalidade.

Debería contarse coa conformidade do Concello de Lalín respecto do convenio no que se sustenta a presente cesión, dada a existencia dunha serie de obrigas e compromisos das partes.

Previamente á súa aprobación, procede á fiscalización de Intervención, dada a afección patrimonial que o expediente supón (art. 214 do TRLFL e art. 7 do RD 424/2017, de 28 de abril).

O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Deputación, requiríndose o quórum da maioría absoluta para elo. En canto á sinatura do convenio, correspóndelle á Presidenta de acordo co previsto no art. 34.1.b) da LBRL. No caso do Concello de Lalín a representación legal correspóndelle á Alcaldía tal e como sinala o art. 21.1.b) da LBRL”.

Resultando que en data 17/10/2022 a Intervención emite informe de fiscalización do expediente (CSV: 9TN7OW59YG7JDSOD) que conclúe o seguinte:

“(…) CONCLUSIÓNS:

Á vista do exposto infórmase favorablemente o expediente de segregación e cesión das fincas segregadas e construcións en desuso da Finca Mouriscade ao Concello de Lalín para vinculación a usos e servizos públicos municipais.



Con carácter previo á sinatura do Convenio incorporarase ao expediente o certificado do acordo do concello cesionario aceptando as condicións correspondentes”.

Considerando o establecido no artigo 29 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, de aplicación ás entidades locais segundo a súa disposición adicional segunda, relativo á posibilidade de transmisión da titularidade dos bens inmobles e dereitos demaniais do patrimonio da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a outras administracións públicas, para os mesmos fins determinantes da afectación ou para outros fins de uso xeral ou de servizo público de competencia da administración pública receptora dos mesmos.

Considerando que, para a tramitación do expediente de transmisión da titularidade dos inmobles mediante mutación demanial, en defecto de máis previsión, procede a aplicación analóxica da tramitación prevista no artigo 110 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (REBEL), para as cesións gratuítas de bens patrimoniais, e a adopción dun acordo de aprobación inicial con trámite de exposición pública para presentación de alegacións polas persoas interesadas, entendéndose definitivo en caso de que non se presenten alegacións ó expediente.

Considerando o establecido nos artigos 33.2.ñ) e 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda por unanimidade:

Primeiro.- Segregar da Finca “Mouriscade” descrita no ANEXO 1 as fincas que se indican a continuación, segundo o proxecto técnico aprobado por Resolución Presidencial nº 2022003251 de data 29/04/2022:

- Unha superficie de 723 m² procedente da parcela con referencia catastral 36024A265026930000YX para incorporar dita superficie á estrada municipal con referencia catastral 36024A265090070000YI, co fin de que esta acade un ancho de ocupación de oito metros, segundo detalle que figura no documento que se incorpora como ANEXO 2.



- A Finca Eixo 1, segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no documento que se incorpora como ANEXO 3.
- A Finca Eixo 2, segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no documento que se incorpora como ANEXO 4.

Unha vez segregadas da Finca “Mouriscade” as fincas anteriormente indicadas, a Finca Mouriscade “Resto da Finca matriz” queda conformada segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma, que figura no documento que se incorpora como no ANEXO 5.

A valoración económica das parcelas son as seguintes, segundo informes técnicos que obran no expediente:

- Valoración Finca Eixo 1: 894.285,46 €.
- Valoración Finca Eixo 2: 421.311,79 €.
- Valoración Finca Resto da finca matriz: 1.582.202,80 €.

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente de transmisión da titularidade, mediante mutación demanial subxectiva, a favor do Concello de Lalín, das fincas segregadas da Finca “Mouriscade” que se relacionan a continuación:

- Unha superficie de 723 m² procedente da parcela con referencia catastral 36024A265026930000YX para incorporar dita superficie á estrada municipal con referencia catastral 36024A265090070000YI, co fin de que esta acade un ancho de ocupación de oito metros, segundo detalle que figura no ANEXO 2.
- A Finca Eixo 1, segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no ANEXO 3.
- A Finca Eixo 2, segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no ANEXO 4.

Terceiro.- Este acordo de aprobación inicial do expediente de cesión gratuíta ó Concello de Lalín exporase ó público para os efectos de alegacións e



reclamacións, por un período de vinte días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

No caso de que non se formularsen alegacións ou reclamacións ó expediente durante o prazo de exposición pública, a cesión entenderase definitivamente aprobada.

Cuarto.- O Concello de Lalín deberá destinar as parcelas e construcións cedidas ó desenvolvemento do proxecto de posta en valor do “Espazo Mouriscade” nun prazo máximo de cinco anos, e dedicar os bens a este mesmo destino durante os trinta anos seguintes, segundo memoria presentada, que obra no expediente, nos dous eixos vertebradores de dito proxecto:

- 1.- Eixo 1: ampliación das actuais instalacións da área recreativa e de ocio lindeira co río Asneiro, nas que se atopa o albergue xuvenil “Vicente Agulló”, o clube hípico “Juan Oliveira” e o centro ocupacional “Aspadeza”.
- 2.- Eixo 2: posta en valor dun centro dedicado ao mundo rural nas instalacións en desuso de Mouriscade (antigo laboratorio, a casona e as edificacións auxiliares da mesma (hórreo, forno, granxa de perdices, eira...)).

En caso de incumprimento polo Concello de Lalín desta finalidade da cesión, esta considerarase resolta, e as parcelas cedidas reverterán á Deputación de Pontevedra, que terá dereito a percibir do Concello de Lalín, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao Patrimonio da Deputación con todas as súas pertenzas e accesións.

Quinto.- Aprobar o texto do “*Convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín de formalización da transmisión de titularidade, mediante mutación demanial subxectiva, a favor do concello das parcelas resultantes do proxecto de segregación da Finca Mouriscade para execución do proxecto “Espazo Mouriscade”*” co teor literal que figura no **ANEXO 6**.



Con carácter previo á sinatura do convenio incorporárase ó expediente certificado de acordo do concello de Lalín de aprobación do texto do convenio.


Sexto.- Incluír o convenio indicado no apartado anterior na relación certificada anual de convenios a remitir ao Tribunal de Contas e proceder ó seu rexistro no xestor de expedientes.

Sétimo.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra, para que en nome e representación desta Deputación, proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.

ANEXO 1: DESCRICIÓN DA “FINCA MOURISCADE” (MATRIZ)

DESCRICIÓN DA FINCA MOURISCADE:





Finca denominada **“Mouriscade”** e situada no lugar do mesmo nome, parroquia de Vilanova, Concello de Lalín (Pontevedra). Segundo inscrición rexistral ocupa unha superficie total de 40 hectáreas aproximadamente (400.000 m²), na que se inclúe a que ocupan infraestruturas de comunicación (antes camiños públicos que agora son estradas municipais ou provinciais, e vía férrea Zamora-A Coruña, no tramo Santiago-Ourense). Segundo medición efectuada mediante levantamento topográfico de detalle de todos os elementos incluídos no perímetro que abarca a finca descrita na inscrición rexistral, determinouse que dita finca inclúe as parcelas catastrais que a continuación se indican, con indicación das superficies resultantes do levantamento efectuado e lindeiros.

- Parcela con referencia catastral **“0788408NH7108N0001IP”**. Esta parcela ocupa unha superficie de 494 m² e cadra dentro dos seguintes límites:
 - Norte: parcela con referencia catastral **“0788409NH7108N0001JP”**.
 - Leste: parcela con referencia catastral **“0788407NH7108N0001XP”**.
 - Oeste: estrada provincial EP-6002.
- Parcela con referencia catastral **“36024A265019980000YT”**. Esta parcela



ocupa unha superficie de 171.952 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte, nordés e noroeste: Estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata a área recreativa de “Mouriscade”.
- Sur e Oeste: Río Asneiro.
- Nordés: Estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata o lugar de “Os Muíños”, da mesma parroquia de Vilanova.

--Enclavadas en esta parcela catastral encóntranse as seguintes construcións:

--Non incluídas na súa superficie (contan con referencia catastral propia):

Club hípico Juan Oliveira (001101000NH71G0001SK)	681 m ²
Muíño area recreativa (001600500NH71G0005MX)	71 m ²
Antiga casa (001600700NH71G0001FK)	222 m ²
Laboratorio-incubadora-almacén (001600700NH71G0001FK)	357 m ²
Granxa perdices (001600400NH71G0005FX)	224 m ²
Nave perdices (001600800NH71G0004EZ)	215 m ²
Muíño (001600600NH71G0005OX)	85 m ²

--Incluídas na súa superficie:

Establo vacas leite	1291 m ²
Establo vacas leite	473 m ²
Zona de muxido	355 m ²
Almacén	330 m ²
Xatos recría	195 m ²
Laboratorio-oficina-granxa	423 m ²
Lazareto	193 m ²
Antiga sala muxido	100 m ²
Patio cuberto	214 m ²
Construción	11 m ²
Construción	16 m ²
Secadoiro	72 m ²
Almacén	5 m ²
Edificio Aspadeza	878 m ²
Picadeiro	545 m ²



Asador	46 m ²
Nave establo perdices	232 m ²
Cuberto perdices	181 m ²
Cuberto granxa perdices	172 m ²
Almacén	68 m ²
Almacén	16 m ²
Cuberto	204 m ²

3. Parcela con referencia catastral **“36024A26502000000YW”**. Esta parcela ocupa unha superficie de 49.966 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte: Recorrido de este a oeste camiño público de Corrigatos ata o cruce deste co camiño público de Mouriscade a Santomé (camiño do Pedrouzo), dende este cruce camiño do Pedrouzo ata a altura da parcela con referencia catastral “36024A265028720000YP” coa que limita a presente; a continuación parcelas con referencias catastrais “36024A265028710000YQ”, “36024A265028690000YP” e “0788601NH7108N0001XP”; a continuación camiño público de acceso ao lugar de Santomé dende estrada provincial EP-6002.

- Sur e Oeste: Estrada provincial EP-6002.

- Este: Termina en vértice entre estrada provincial EP-6002 e camiño público de Corrigatos.

--Enclavadas en esta parcela catastral encóntranse as seguintes construcións:

--Incluídas na súa superficie:

Laboratorio (baixo e planta) (36024A265020000001UE)	1033 m ²
anexo	92 m ²

4. Parcela con referencia catastral **“36024A265026840000YF”**. Esta parcela ocupa unha superficie de 6.953 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte: Estrada provincial EP-6002 en tramo que termina en camiño de acceso ao lugar de Corrigatos.

- Sur: Estrada provincial EP-6002 en tramo que conduce ao lugar da Igrexa de Vilanova; en parte senda que discorre entre a estrada referida e o tramo da EP-6002 que conduce a Corrigatos.

- Este: De Sur a Norte parcela con referencia catastral “36024A265028930000YU” y a continuación senda que discorre entre a estrada



referida e o tramo da EP-6002 que conduce a Corrigatos.

- Oeste: : Termina en vértice entre os dous tramos da estrada provincial EP-6002, o que conduce ao camiño público de acceso a Corrigatos e o que conduce ao lugar da Igrexa de Vilán.

5. Parcela con referencia catastral **“36024A265026850000YM”**. Esta parcela ocupa unha superficie de 23.642 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte: Estrada provincial EP-6002.
- Sur: Vía férrea Zamora-A Coruña.
- Este: De Sur a Norte primeiro camiño acceso a paso elevado sobre vía férrea e a continuación parcelas con referencias catastrais “36024A265028000000YH”, “36024A265020320000YW”, “36024A265020330000YA”, “36024A265020340000YB”, “36024A265020350000YY”.
- Oeste: estrada municipal de acceso a ponte existente sobre a vía férrea dende a estrada provincial EP-6002.

6. Parcela con referencia catastral **“36024A265026920000YD”**. Esta parcela ocupa unha superficie de 32.246 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte: De Este a Oeste parcelas con referencias catastrais “36024A265015710000YU”, “36024A265015720000YH”, “36024A265015730000YW”, “36024A265029580000YA”, “36024A265015740000YA”, “36024A265015750000YB”, “36024A265015760000YY”, e “36024A265015830000YL”.
- Leste: Estrada provincial EP-6002.
- Oeste: Vía férrea Zamora-A Coruña.
- Sueste: Estrada municipal de acceso a ponte existente sobre a vía férrea dende a estrada provincial EP-6002.

7. Parcela con referencia catastral **“36024A265026930000YX”**. Esta parcela ocupa unha superficie de 3.454 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte: Parcela con referencia catastral “36024A265020030000YY”, tamén propiedade da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Noroeste: Tramo camiño de Mouriscade a estación de Botos.
- Este: Vía férrea Zamora-A Coruña.
- Sur e Oeste: estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata a área recreativa de “Mouriscade”.



8. Parcela con referencia catastral **“36024A265026940000YI”**. Esta parcela ocupa unha superficie de 7.439m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte e nordés: Parcela con referencia catastral **“36024A265026950000YJ”** e estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata a área recreativa de “Mouriscade”.
- Sur e oeste: Parcela con referencia catastral **“36024A265019980000YT”**.

--Enclavadas en esta parcela catastral encóntranse a seguinte infraestrutura:

--Incluídas na súa superficie: Centro de transformación, identificado como 36CTK6, e liña de alta tensión, propiedade de UFC m².

9. Parcela con referencia catastral **“36024A265026950000YJ”**. Esta parcela ocupa unha superficie de 21.656 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Nordés: Parcela con referencia catastral **“36024A265019990000YF”**.
- Leste: Estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata a área recreativa de “Mouriscade”.
- Noroeste, Oeste e Suroeste: Río Asneiro.
- Sur: Parcela con referencia catastral **“36024A265026940000YI”**.

--Enclavadas en esta parcela catastral encóntranse as seguintes construcións:

--Non incluídas na súa superficie (contan con referencia catastral propia):

Albergue (001100900NH71G0001UK)	530 m ²
---------------------------------	--------------------

--Incluídas na súa superficie:

Almacén	6 m ²
---------	------------------

10. Parcela con referencia catastral **“36024A265029390000YO”**. Esta parcela ocupa unha superficie de 36.188 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte: Vía férrea Zamora-A Coruña.
- Sur: De Oeste a este primeiro estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata o lugar de “Os Muíños”, da mesma parroquia de Vilanova, a continuación parcelas con referencias catastrais **“36024A265021010000YG”**, **“36024A265020990000YY”**, **“36024A265020980000YB”**.



•Este: De Sur a Norte parcelas con referencias catastrais “36024A265021050000YT”, “36024A265021020000YQ”, “36024A265021010000YG”, “36024A265020960000YW”, “36024A265020950000YH”, “36024A265020930000YZ”, “36024A265020840000YD”, y a continuación camiño acceso a paso elevado sobre vía férrea.

•Oeste: Estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata o lugar de “Os Muíños”, da mesma parroquia de Vilanova.

•Noroeste: Cruce entre estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata o lugar de “Os Muíños”, da mesma parroquia de Vilanova e estrada municipal de acceso a ponte existente sobre a vía férrea dende a estrada provincial EP-6002.

--Enclavadas en esta parcela catastral encóntranse as seguintes construcións:

--Non incluídas na súa superficie (contan con referencia catastral propia):

Casona (001600300NH71G0006YM)	379 m ²
-------------------------------	--------------------

--Incluídas na súa superficie:


Almacén	74 m ²
Garaxe	32 m ²
Laboratorio (baixo e planta)	424 m ²
Hórreo	22 m ²
Corte porco celta	25 m ²

Dentro do perímetro levantado inclúense tramos de distintas infraestruturas de comunicación que se inclúen nas referencias catastrais que a continuación se indican con reflexo da superficie para cada caso:


Porción vía FFCC Santiago Ourense (Porción de 36024A265090580000YP)	6.243 m ²
Vía FFCC Santiago -Ourense (36024A265090590000YL)	8.332 m ²
Pista Mouriscade (Estrada ponte vía férrea- área recreativa) (36024A265090070000YI)	5.943 m ²
Porción estrada provincial EP-6002 (Porción de 36024A265090020000YO)	7.149 m ²
Porción Pista aos muíños (Porción de 36024A265090080000YJ)	3.941 m ²
Ctra. acceso a camiño Corrigatos (36024A265090120000YE)	2.354 m ²



ANEXO 2: DESCRICIÓN DA SUPERFICIE DE 723 M² SEGREGADA DA PARCELA 36024A265026930000Y



ANEXO 3: DESCRIPCIÓN PARCELAS SEGREGADAS : “FINCA EIXO 1”:



FINCA EIXO “1”:

--Inclúe as parcelas catastrais “36024A265026930000YX”, “36024A265026940000YI”, “36024A265026950000YJ” coas superficies, límites e construcións enclavadas se é o caso, que para cada unha delas se indica na descrición que da finca matriz se fai no expoñendo. Inclúe tamén as porcións “1” e “2” resultantes da segregación da parcela catastral “36024A265019980000YT”, que se describen a continuación:

--PORCIÓN “1” resultante da segregación da parcela con referencia catastral



“36024A265019980000YT”. Ocupa unha superficie de 26.556 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte, nordés e noroeste: estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata a área recreativa de “Mouriscade”.
- Sur: resto parcela matriz.

--Enclavadas en esta parcela catastral encóntranse as seguintes construcións:

--Non incluídas na súa superficie (contan con referencia catastral propia):

Club hípico Juan Oliveira (001101000NH71G0001SK)	681 m ²
--	--------------------

--Incluídas na súa superficie

Edificio Aspadeza	878 m ²
Picadeiro	545 m ²
Cuberto	204m ²

--PORCIÓN “2” resultante da segregación da parcela con referencia catastral “36024A265019980000YT”. Ocupa unha superficie de 6.348 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte e Noroeste: Estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata a área recreativa de “Mouriscade”.
- Oeste parcela 36024A265026940000YI.
- Sur: Río Asneiro.
- Leste: Río Asneiro e resto da finca matriz.

--Enclavadas en esta parcela catastral encóntranse as seguintes construcións:

--Non incluídas na súa superficie (contan con referencia catastral propia):


Muíño area recreativa (001600500NH71G0005MX)	71 m ²
--	-------------------

--Incluídas na súa superficie:

Asador	46 m ²
--------	-------------------



ANEXO 4: DESCRIPCIÓN PARCELAS SEGREGADAS : “FINCA EIXO 2”



FINCA EIXO “2”: cesión ó Concello de Lalín.

--Inclúe a parcela catastral “36024A265029390000YO”, coa superficie, límites e construcións enclavadas, tal e como se indica na descrición que da finca matriz se fai no expoñendo. Inclúe tamén a porción “3” resultante da segregación da parcela catastral “36024A265019980000YT”, que se describe a continuación:

--PORCIÓN “3” resultante da segregación da parcela con referencia catastral “36024A265019980000YT”. Ocupa unha superficie de 6.348 m² e cadra dentro



dos seguintes límites:

- Norte: Resto parcela con referencia catastral “**36024A265019980000YT**”.
- Sur e Oeste: Río Asneiro.
- Este: Estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata o lugar de “Os Muíños”, da mesma parroquia de Vilanova.

--Enclavadas en esta parcela catastral encóntranse as seguintes construcións:

--Non incluídas na súa superficie (contan con referencia catastral propia):


Antiga casa (001600700NH71G0001FK)	222 m ²
Laboratorio-incubadora-almacén (001600700NH71G0001FK)	357 m ²
Granxa perdices (001600400NH71G0005FX)	224 m ²
Nave perdices (001600800NH71G0004EZ)	215 m ²

--Incluídas na súa superficie:

Nave establo perdices	232 m ²
Cuberto perdices	181 m ²
Cuberto granxa perdices	172 m ²
Almacén	68 m ²
Almacén	16 m ²



ANEXO 5: DESCRICIÓN “FINCA RESTO DA FINCA MATRIZ”



FINCA RESTO FINCA MATRIZ DESPOIS DA COMPOSICIÓN DOS EIXOS “1” E “2”:

--Segregadas da finca matriz as parcelas catastrais indicadas para as distintas composición parcelarias dos eixos “1” e “2”, así como as tres porcións resultantes da segregación da parcela catastral “3602A265019980000YT” que pasan a formar parte tamén da composición dos referidos eixos, o resto da finca matriz queda conformada pola composición das parcelas que se indican, coas características e descrición resultantes da medición efectuada:



--Inclúe a parcela catastral “0788408NH7108N0001IP”, “36024A265020000000YW”, “36024A265026840000YF”, “36024A265026850000YM”, “36024A265026920000YD” coa superficie, límites e construcións enclavadas, tal e como se indica na descrición que da finca matriz se fai no expoñendo. Inclúe tamén o resto da parcela catastral “36024A265019980000YT” tal e como se describe a continuación, unha vez segregadas dela as porcións 1, 2 e 3 que se integran na composición dos eixos descritos:

Ocupa unha superficie de 6.348 m² e cadra dentro dos seguintes límites:

- Norte: Porción “1” segregada desta matriz correspondente ao eixo nº1.-----
- Sur: Río Asneiro.
- Suroeste: Porción “2” segregada desta matriz ao eixo nº1.
- Oeste: Estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata a área recreativa de “Mouriscade”.
- Este: Estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata o lugar de “Os Muíños”, da mesma parroquia de Vilanova.
- Nordés: Estrada municipal que discorre dende a ponte existente sobre a vía férrea ata a área recreativa de “Mouriscade”.

--Enclavadas en esta parcela catastral encóntranse as seguintes construcións:

--Non incluídas na súa superficie (contan con referencia catastral propia):

Muíño área recreativa (001600500NH71G0005MX)	85 m ²
--	-------------------

--Incluídas na súa superficie:

Establo vacas leite	1291 m ²
Establo vacas leite	473 m ²
Zona de muxido	355 m ²
Almacén	330 m ²
Xatos recría	195 m ²
Laboratorio-oficina-granxa	423 m ²
Lazareto	193 m ²
Antiga sala muxido	100 m ²
Patio cuberto	214 m ²



Construción	11 m ²
Construción	16 m ²
Secadoiro	72 m ²
Almacén	5 m ²

ANEXO 6:

CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN DE FORMALIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DE TITULARIDADE, MEDIANTE MUTACION DEMANIAL SUBXECTIVA, A FAVOR DO CONCELLO DAS PARCELAS RESULTANTES DO PROXECTO DE SEGREGACIÓN DA FINCA MOURISCADÉ PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO “ESPAZO MOURISCADÉ”.

REUNIDOS:

Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL).

Don _____, alcalde do Concello de Lalín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, e para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Deputación Provincial de Pontevedra é propietaria da finca denominada “Mouriscadé”, situada no lugar do mesmo nome, parroquia de Vilanova, concello de Lalín (Pontevedra), que foi adquirida pola Deputación mediante escritura pública de compraventa número 400 outorgada ante o notario de Lalín don Miguel Gallego Almansa na data de 25/04/1973. Figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Lalín cos seguintes datos: tomo 523, libro 167, folio 228, finca 22095, 1ª inscrición. Así mesmo figura inscrita no Inventario de Bens e Dereitos da Deputación no epígrafe 1 “bens inmobles-terreos” co código de inventario 1.2.000008, con cualificación xurídica de ben demanial de servizo público.

Segundo.- O Concello de Lalín solicitou á Deputación de Pontevedra a cesión do pleno dominio de varias parcelas e inmobles da finca Mouriscadé, para o desenvolvemento e posta en



valor do proxecto “Espazo Mouriscade”. Este proxecto, segundo consta na memoria presentada polo concello, xira arredor de dous eixos vertebradores:

- 1.- Eixo 1: ampliación das actuais instalacións da área recreativa e de ocio lindeira co río Asneiro, nas que se atopa o albergue xuvenil “Vicente Agulló”, o clube hípico “Juan Oliveira” e o centro ocupacional “Aspadeza”.
- 2.- Eixo 2: posta en valor dun centro dedicado ao mundo rural nas instalación en desuso de Mouriscade [antigo laboratorio, a casona e as edificacións auxiliares da mesma (hórreo, forno, granxa de perdices, eira...)].

As parcelas da finca Mouriscade solicitadas polo Concello de Lalín veñen determinadas no proxecto técnico de segregación da finca Mouriscade aprobado a través de Resolución Presidencial nº 2022003251 de data 29/04/2022, sendo as que se relacionan a continuación:

- Unha superficie de 723 m² procedente da parcela con referencia catastral 36024A265026930000YX, segundo detalle que figura no ANEXO 2.
- A Finca Eixo 1, segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no ANEXO 3.
- A Finca Eixo 2: segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no ANEXO 4.

Unha vez segregadas da Finca “Mouriscade” as fincas anteriormente indicadas, a finca Mouriscade “Resto da Finca matriz” queda conformada segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no ANEXO 5.

A valoración económica das parcelas son as seguintes, segundo informes técnicos que obran no expediente:

- Valoración Finca Eixo 1: 894.285,46 €.
- Valoración Finca Eixo 2: 421.311,79 €.
- Valoración Finca Resto da finca matriz: 1.582.202,80 €.

Terceiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o día XX/XX/XXX acordou segregar a finca Mouriscade e aprobar inicialmente o expediente de transmisión da titularidade, mediante mutación demanial subxectiva, a favor do Concello de Lalín, das fincas segregadas indicadas no apartado anterior e o texto do convenio entre a Deputación e o concello de Lalín de formalización de dita transmisión.

Cuarto.- O Pleno do Concello de Lalín, en sesión celebrada o día XX/XX/XXXX aceptou a transmisión da propiedade por parte da Deputación de Pontevedra dos citados inmobles e aprobou o texto do convenio entre a Deputación e o Concello de Lalín de formalización de dita transmisión.

Quinto.- A transmisión patrimonial dos inmobles descritos no expositivo segundo formalízase mediante o presente convenio con fundamento legal no artigo 186 e seguintes da lei 33/2003



de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas e no artigo 29.3 da lei 5/2011 de 30 de setembro do Patrimonio da C.A. de Galicia.

Polo exposto, ambas Administracións Públicas, no uso das súas atribucións e competencias, acordan subscribir o presente convenio, e a tal efecto se obrigan de acordo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

A Deputación de Pontevedra, representada neste acto pola súa Presidenta, D^a M^a Carmen Silva Rego, transmite, mediante mutación demanial subxectiva, ó concello de Lalín, a titularidade das fincas segregadas da Finca Mouriscade descrita no ANEXO 1 que se describen a continuación:

- Unha superficie de 723 m² procedente da parcela con referencia catastral 36024A265026930000YX para incorporar dita superficie á estrada municipal con referencia catastral 36024A265090070000YI, co fin de que esta acade un ancho de ocupación de oito metros, segundo detalle que figura no ANEXO 2.
- A Finca Eixo 1, segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no ANEXO 3.
- A Finca Eixo 2, segundo detalle, descrición, superficies, lindeiros e construcións situadas na mesma que figura no ANEXO 4.

O Concello de Lalín adquire estes inmobles con todos os seus dereitos, edificacións, servidumes, accesorios e pertenzas, libre de cargas, gravames e arrendatarios e ó corrente do pago dos seus tributos.

Os bens inmobles se transmiten en concepto de corpo certo, coa situación física e xurídica actual, e no seu estado actual de conservación, que o concello de Lalín coñece e acepta renunciando a calquera reclamación ó respecto.

Segunda. Obrigas das partes

As obrigas que asume a Deputación de Pontevedra son as seguintes:

- Transmitir ó Concello de Lalín a titularidade das fincas segregadas da Finca Mouriscade que se describen na cláusula primeira do presente convenio.
- Dar de baixa no Inventario provincial os bens inmobles obxecto da presente transmisión patrimonial mediante mutación demanial subxectiva.
- Incluír o presente convenio na relación certificada anual de convenios a remitir ao Tribunal de Contas.

As obrigas que asume o Concello de Lalín son as seguintes:

- Aceptar a titularidade dos inmobles obxecto da presente transmisión patrimonial mediante mutación demanial subxectiva.
- Asumir a plena propiedade dos bens inmobles e todas as obrigas inherentes á titularidade dos mesmos.
- Incorporar os bens inmobles cedidos ó patrimonio municipal unha vez formalizada a transmisión dos mesmos.



- Tramitar no Catastro inmobiliario e Rexistro da Propiedade a regularización xurídica dos inmobles como consecuencia desta transmisión da propiedade, asumindo todos os gastos notariais, inscrición rexistral e todas as taxas e impostos derivados desta cesión.
 - Destinar os bens inmobles cedidos ó desenvolvemento e posta en valor do proxecto “Espazo Mouriscade” (segundo memoria que figura no ANEXO 6) nos seus dous eixos vertebradores:
 - 1.- Eixo 1: ampliación das actuais instalacións da área recreativa e de ocio lindeira co río Asneiro, nas que se atopa o albergue xuvenil “Vicente Agulló”, o clube hípico “Juan Oliveira” e o centro ocupacional “Aspadeza”.
 - 2.- Eixo 2: posta en valor dun centro dedicado ao mundo rural nas instalacións en desuso de Mouriscade [antigo laboratorio, a casona e as edificacións auxiliares da mesma (hórreo, forno, granxa de perdices, eira...)].
- O Concello de Lalín comprométese a destinar os bens inmobles cedidos ó desenvolvemento do proxecto “Espazo Mouriscade” nos seus dous eixos vertebradores nun prazo máximo de cinco anos desde a data de sinatura da acta de entrega e recepción dos bens obxecto da cesión, así como a dedicar os bens a este mesmo destino durante os trinta anos seguintes.

No caso de incumprimento desta condición, considerarase resolta a presente transmisión de titularidade e os inmobles reverterán á Deputación de Pontevedra con todas as melloras realizadas sobre os mesmos, que adquire ademais, no seu caso, o dereito de percibir do Concello de Lalín o valor dos detrimentos sufridos nos bens transmitidos.

Terceira. Comisión de seguimento.

As cuestións e interpretacións que podan xurdir da aplicación do presente convenio resolveranse no marco da Comisión de Seguimento que se constitúe ó efecto da que formarán parte un representante da cada unha das entidades asinantes.

Cuarta. Formalización

O presente convenio perfeccionase coa súa sinatura polas partes. De conformidade co disposto no artigo 187.3 da Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, este convenio, unha vez asinado, constitúe título suficiente para inscribir no Rexistro da Propiedade a transmisión de dominio que no mesmo se recolle, sendo por conta do concello de Lalín todos os gastos necesarios para dita inscrición que promoverase como parte adquirente dos bens inmobles transmitidos.

Quinta. Xurisdición

As partes comprométese a intentar resolver amistosamente calquera desacordo que puidera xurdir na interpretación ou cumprimento do presente convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista na cláusula terceira. En caso de non ser posible unha solución amistosa e resultar procedente litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver ditas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sexta. Documentación anexa



Se incorpora ó texto do convenio a seguinte documentación que forma parte integrante do mesmo:

ANEXO 1: “Descrición da Finca Mouriscade (Matriz)”.

ANEXO 2: “Descrición da superficie de 723 m² segregada da parcela 36024A265026930000Y”.

ANEXO 3: “Descrición da parcela segregada “Finca Eixo 1” (cesión ó Concello de Lalín)”.

ANEXO 4: “Descrición da parcela segregada “Finca Eixo 2” (cesión ó Concello de Lalín)”.

ANEXO 5: “Descrición “finca resto da finca matriz”.”

ANEXO 6: Memoria descritiva do proxecto de posta en valor do “Espazo Mouriscade”.

3.7874.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 6/2022 (EXPTES. 2022063818 – 2022061024)

Sra. Presidenta.- No punto 3 da orde do día. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 6/2022. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Esta modificación de crédito 6/2022 se tramita por 4 motivos centrais. El primeiro es para la ejecución de más obras de mejora amable y sostenible en las estradas provinciales y para ello se destinan 5,66 millones. El segundo es facilitar la tramitación de fondos europeos a través de los fondos Next Generation. El tercero es para asumir las medidas en materia de retribución del funcionario de esta administración que están recogidas en el RD Ley 18/2022 sobre medida de protección a los consumidores de energía y retribuciones del personal al servicio del sector público. Y cuarta y última, por las necesidades de ajuste en partidas presupuestarias en los servicios de Cultura, Deporte y Cooperación. Para dar respuesta a estos 4 motivos se plantean las siguientes posibilidades: La modificación de crédito es por un total de 6,47 millones, se procede a una incorporación de suplementos de crédito de 7,4 millones y una incorporación de créditos extraordinarios de 300.000 euros, pero como quiera que se producen unas bajas por anulación de 1,3 millones, por lo tanto el resultante, como digo, es de 6,47 millones. En relación a los suplementos de crédito indicar que una parte importante de esta propuesta se financian con ahorro propio procedente de ejercicios anteriores, lo que sitúa nuevamente una modificación de crédito marcada por la eficacia, eficiencia y también prudencia. En concreto, debemos de destacar aquí que desde la bolsa para fondos europeos que creamos en el presupuesto del 2022 y de la que no se enteró el Partido Popular, en el Servicio de Cooperación con los concellos, transferimos a los Servicios de Turismo y de Nuevas Tecnologías los recursos necesarios para hacer frente a la cofinanciación de 2 proyectos de turismo “Camiños do Deza e “Entre



rios” y “Acelera Pyme” en lo relacionado con Nuevas Tecnologías. Además de estos 3 proyectos también se financiarán con bajas por anulación de aplicaciones de otros servicios la compra de material lanzado desde Nuevas Tecnologías para afrontar el gasto de contratación de una herramienta que genere las actas audiovisuales y su incorporación al Libro de actas de este Pleno de la Diputación. Esta contratación permitirá implantar un sistema de control de debate y de votación con producción de video de forma automatizada y de forma integrada para participantes presenciales y remotos. También figura en esta modificación un cambio, solo un cambio de anualidade de las actuaciones necesarias para la cesión al Concello de Vigo de la titularidade de la EP-2001 Calvario-A Garrida, que en todo caso, y lo recalco, no supone ninguna variación en el convenio original firmado. Otra parte de esta propuesta del suplemento de crédito demuestra la buena situación económica de esta administración, que puede abordar este 1,5 %, abonar a los empleados públicos, también las necesarias para acondicionar un nuevo espacio en donde se ubicará la Imprenta provincial tras el abandono de la zona da Xunqueira de Alba hecho histórico para la ciudad de Pontevedra. La Imprenta se traslada a una nave situada en Príncipe Felipe manteniendo a todo el personal. Es de destacar que en esta modificación permitirá disponer de 5,66 millones de euros para ejecutar nuevas inversiones en estradas provinciales y para continuar mejorando la seguridad viaria y la señalización. Esta inyección de recursos va a permitir duplicar la partida destinada a este fin de las estradas provinciales dado que se sumará a lo aprobado inicialmente en el presupuesto de 2023. También en este suplemento de crédito se realiza con cargo a un remanente líquido de Tesorería de 2,6 millones así como los mayores incrementos a cuenta de los impuestos indirectos y directos. En relación con los créditos extraordinarios hay un apartado de Cultura sobre nueva propuesta de cine musicalizado, hay una propuesta para solucionar el problema de la escuela deportiva de patinaje, y también y finalmente hay un retorno de la financiación de IDEA en relación con el Concello do Rosal, que una vez percibida esa aportación de IDAE es en favor del Concello do Rosal. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Tampouco hai solicitudes de palabras, non. Polo tanto someto a votación este punto 3 de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2022. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencions? Queda aprobado por 16 votos a favor e 11 abstencions. ¿11 verdá? Si. ¿Están todos, verdá? Era para non poñerme a contar, grazas.



O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 6/2022. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.06/22), por importe de 306.927,00 euros, suplementos de créditos (SUP.06/22), por importe de 7.471.323,18 euros e modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 06/22), parte con baixas por anulación por importe de 266.000,00 euros e con ingresos en formalización correspondentes ás menores achegas do Concello do Rosal para proxectos que reciben achegas FEDER-IDAE/2020 por importe de 40.927,00 euros, cuxo detalle se indica posteriormente.
- Os suplementos de créditos (SUP. 06/22), por unha parte con baixas por anulación por importe de 1.035.980,55 euros; con maiores ingresos sobre os previstos no orzamento, correspondentes ás maiores “achegas a conta” dos impostos directos, indirectos e ingresos correspondentes ó “SII IVA liquidación 20217”, por unha suma total de 3.796.774,87 euros; e a parte restante con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 2.638.567,76 euros.

Resultando que a Intervención emite informe de data 18 de outubro de 2022, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e



tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 6/2022.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 6/2022 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.06/22), por importe de 306.927,00 euros, suplementos de créditos (SUP.06/22) por importe de 7.471.323,18 euros, financiados con baixas por anulación por un importe total de 1.301.980,55 euros, con maiores ingresos pola cantidade de 3.837.701,87 euros e con Remanente Líquido de Tesourería por 2.638.567,76 euros . O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 06/22”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
330-3340-479,01	OUTRAS SUBVENCIONS A EMPRESAS_CULTURA, [A Vía Láctea Films, SL (B-15.616.121), organización do proxecto “Xosé Gil. Pontevedra, provincia de cine, na orixe do cinema]	245.000,00 €
340-3400-462,01	A CONCELLOS, ESCOLAS DEPORTIVAS_DEPORTES (Forcarei: 1.000,00 €; Gondomar: 5.000,00 €; A Garda: 1.000,00 €; Moraña: 2.000,00 €; Ribadumia: 3.000,00 €; Tomiño: 5.000,00 €; Valga: 4.000,00 €)	21.000,00 €
942-9420-762,38	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN (RINF_22-00926_ O ROSAL_ Investimentos Concello do Rosal: "Melloras na escola de Eiras)	40.927,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	306.927,00 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 06/22:

A) Con baixas da aplicación 22/340-3410-489,02, polo importe de 21.000,00€, correspondentes á renuncia da Federación Galega de Patinaxe, á organización e desenvolvemento das escolas deportivas con destino ao financiamento das subvencións aos concellos para o desenvolvemento de dita actividade con cargo á aplicación 22/340-3400-462,01.



B) Con baixas da aplicación 22/330-3340-226,33 polo importe de 245.000,00€, con destino a aplicación 22/330-3340-479,01 para organización do proxecto “Xosé Gil. Pontevedra, provincia de cine, na orixe do cinema.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓNS:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
340-3410-489,02	OUTRAS TRANSFERENCIAS, PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS_DEPORTES. (Federación Galega de Patinaxe (NIF: 15070451), renuncia organización e desenvolvemento das escolas deportivas)	-21.000,00 €
330-3340-226,33	GASTOS DIVERSOS, PROGRAMA DE CINE_CULTURA	-245.000,00 €
	TOTAL...	-266.000,00 €

C) O proxecto (RINF_22-00926_ O ROSAL_ Investimentos Concello do Rosal: "Melloras na escola de Eiras), finánciase con cargo ás menores achegas do Concello do Rosal para proxectos que reciben achegas FEDER-IDAE/2020: “2020026890 Mellora da mobilidade peonil na EP-3303 entre Tabagón e Eiras (O ROSAL), ingreso recibido “en formalización” con cargo ao POS/20, importe do exceso: 40.927,00 €”

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
456-762,38	ACHEGAS DO CONCELLO DO ROSAL A PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS (Reinvestimento menor achega ao proxecto 2020026890 Mellora da mobilidade peonil na EP-3303 entre Tabagón e Eiras (O ROSAL)	40.927,00 €
	TOTAL...	40.927,00 €

2. Suplemento de Crédito “SUP. 06/22”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
433-4324-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA (CAMIÑOS _DEZA)_TURISMO	15.960,00 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
433-4324-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (CAMIÑOS _DEZA) _TURISMO	35.490,00 €
433-4324-652,99	INVESTIMENTOS XESTIONADOS_CONCELLOS (CAMIÑOS _DEZA) _TURISMO	122.220,00 €
433-4325-226,02	PUBLICIDADE E PRO (ENTRE RIOS _CONDADO P.) _TURISMO	6.300,00 €
433-4325-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (ENTRE RIOS _CONDADO P.) _TURISMO	11.550,00 €
433-4325-622,07	INVESTIMENTOS EN EDIFICIOS CEDIDOS EN USO (ENTRE RIOS _CONDADO P.) _TURISMO	8.400,00 €
433-4325-652,99	INVESTIMENTOS XESTIONADOS_CONCELLOS (ENTRE RIOS _CONDADO P.) _TURISMO	86.100,00 €
457-4500-632,03	EDIFICIO E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELORAS NO PATRIMONIO (ARQUITECTURA) [Acondicionamento interior dun local no Centro Príncipe Felipe, motivado pola urxente reubicación de persoal da Deputación]	48.368,14 €
456-4530-612,01	INVESTIMENTOS EN ESTRADAS: SEGURANZA VIARIA, SINALIZACIÓN _INFRAESTRUTURAS	5.666.253,46 €
926-4330-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS, (NOVAS TECNOLOXÍAS), [PROX. 92200007-ACELERA PYME]	102.500,00 €
926-9260-626,01	EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN, AQUISIÇÃO (NOVAS TECNOLOXÍAS)	33.000,00 €
926-9260-641,00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, AQUISIÇÃO (NOVAS TECNOLOXÍAS)	17.000,00 €
942-9420-762,14	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS [VIGO-PONTEVEDRA], (COOPERACIÓN), {Actuacións para a cesión ao Concello de Vigo da titularidade da “EP-2001 Calvario a Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto, entre regato Quintián e o nº 77 da estrada do Porto” e para o financiamento e execución das obras precisas para a súa transformación e ampliación”}	597.460,55 €
231-2311-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	5.966,72 €
231-2311-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	2.202,62 €
231-2311-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	1.505,01 €
231-2311-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	424,86 €
232-2312-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (C. S. PRÍNCIPE FELIPE)	94.324,37 €
232-2312-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (C. S. PRÍNCIPE FELIPE)	1.184,90 €
232-2312-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (C. S. PRÍNCIPE FELIPE)	11.831,57 €
232-2312-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (C. S. PRÍNCIPE FELIPE)	20.909,43 €
232-2312-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (C. S. PRÍNCIPE FELIPE)	4.144,20 €
240-2410-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	5.574,53 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2410-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	435,90 €
240-2410-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	1.500,60 €
240-2410-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	137,52 €
250-2315-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (IGUALDADE)	2.607,83 €
250-2315-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (IGUALDADE)	301,41 €
250-2315-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (IGUALDADE)	662,34 €
250-2315-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (IGUALDADE)	82,50 €
324-3243-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (E. CANTEIROS)	672,86 €
324-3243-130,00	PERSONAL LABORAL FIXO, (E. CANTEIROS)	3.111,26 €
324-3243-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (E. CANTEIROS)	3,60 €
324-3243-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (E. CANTEIROS)	898,85 €
330-3300-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (CULTURA)	3.111,94 €
330-3300-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA (CULTURA)	1.000,00 €
330-3300-130,00	PERSONAL LABORAL FIXO	960,32 €
330-3300-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (CULTURA)	1.062,56 €
330-3300-160,01	S. SOCIAL P. LABORAL, (CULTURA)	286,94 €
332-3322-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO)	16.179,17 €
332-3322-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO)	496,40 €
332-3322-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO)	3.994,28 €
332-3322-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO)	124,10 €
333-3330-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (MUSEO)	4.477,07 €
333-3330-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA (MUSEO)	2.800,00 €
333-3330-130,00	PERSONAL LABORAL FIXO, (MUSEO)	26.529,99 €
333-3330-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (MUSEO)	1.561,17 €
333-3330-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (MUSEO)	1.276,61 €
333-3330-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (MUSEO)	8.146,44 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
334-3340-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (S. LINGÜÍSTICOS)	4.279,95 €
334-3340-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (S. LINGÜÍSTICOS)	1.058,96 €
340-3400-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (DEPORTES)	6.116,99 €
340-3400-130,00	PERSONAL LABORAL FIXO, (DEPORTES)	716,33 €
340-3400-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (DEPORTES)	430,52 €
340-3400-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (DEPORTES)	1.357,89 €
340-3400-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (DEPORTES)	332,60 €
410-4100-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (MEDIO AMBIENTE)	21.110,18 €
410-4100-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (MEDIO AMBIENTE)	2.141,16 €
410-4100-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (MEDIO AMBIENTE)	5.646,33 €
410-4100-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (MEDIO AMBIENTE)	620,94 €
413-4123-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (E.F. AREEIRO)	15.617,63 €
413-4123-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (E.F. AREEIRO)	3.000,00 €
413-4123-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (E.F. AREEIRO)	1.977,71 €
413-4123-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS,(E.F. AREEIRO)	4.434,44 €
413-4123-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (E.F. AREEIRO)	553,76 €
433-4320-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (TURISMO)	1.681,91 €
433-4320-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (TURISMO)	1.000,00 €
433-4320-130,00	PERSONAL LABORAL FIXO, (TURISMO)	4.125,90 €
433-4320-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (TURISMO)	2.675,10 €
433-4320-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TURISMO)	716,63 €
433-4320-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (TURISMO)	1.972,31 €
456-4530-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (MOBILIDADE)	52.113,02 €
456-4530-130,00	PERSONAL LABORAL FIXO, (MOBILIDADE)	960,32 €
456-4530-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (MOBILIDADE)	1.026,20 €
456-4530-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (MOBILIDADE)	13.233,80 €
456-4530-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (MOBILIDADE)	556,23 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
457-4500-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (ARQUITECTURA)	7.469,78 €
457-4500-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (ARQUITECTURA)	1.500,00 €
457-4500-130,00	PERSONAL LABORAL FIJO ,(ARQUITECTURA)	224,58 €
457-4500-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (ARQUITECTURA)	250,89 €
457-4500-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ARQUITECTURA)	2.349,00 €
457-4500-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (ARQUITECTURA)	142,65 €
900-9120-100,00	RETRIBUCIÓN BÁSICAS, ÓRGANOS DE GOBERNO (CORPORACIÓN)	10.436,97 €
900-9120-160,01	SEGURIDADE SOCIAL PERSONAL LABORAL, (CORPORACIÓN)	2.999,75 €
912-9120-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (G. PRESIDENCIA)	209,90 €
912-9120-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (G. PRESIDENCIA)	140,00 €
912-9120-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (G.PESIDENCIA)	0,02 €
912-9120-110,00	PERSONAL DE EMPREGO, R. BÁSICAS, (G. PRESIDENCIA)	16.528,14 €
912-9120-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (G. PRESIDENCIA)	62,97 €
912-9120-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (G. PRESIDENCIA)	0,02 €
912-9120-160,02	S. SOCIAL P. EMPREGO, (G. PRESIDENCIA)	4.545,24 €
920-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (SERVIZO CENTRAL)	31.454,18 €
920-9200-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (SERVIZO CENTRAL)	4.073,96 €
920-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (SERVIZO CENTRAL)	6.998,94 €
920-9200-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (SERVIZO CENTRAL)	1.181,45 €
921-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (R. HUMANOS)	26.901,09 €
921-9200-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (R. HUMANOS)	300,00 €
921-9200-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (R. HUMANOS)	59,42 €
921-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (R. HUMANOS)	3.601,05 €
921-9200-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (R. HUMANOS)	17,24 €
922-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (CONTRATACIÓN)	8.786,25 €
922-9200-131,00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (CONTRATACIÓN)	356,49 €
922-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (CONTRATACIÓN)	2.255,07 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
922-9200-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (CONTRATACIÓN)	103,38 €
923-9225-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (SAIM)	6.888,65 €
923-9225-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (SAIM)	1.593,32 €
924-9240-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (COMUNICACIÓN)	6.280,54 €
924-9240-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (COMUNICACIÓN)	5.200,00 €
924-9240-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (COMUNICACIÓN)	3.243,84 €
924-9240-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (COMUNICACIÓN)	660,33 €
924-9240-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (COMUNICACIÓN)	2.769,44 €
924-9240-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (COMUNICACIÓN)	1.093,17 €
926-9260-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (TIC)	12.739,37 €
926-9260-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (TIC)	2.400,00 €
926-9260-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (TIC)	1.677,56 €
926-9260-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (TIC)	782,42 €
926-9260-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TIC)	3.565,02 €
926-9260-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (TIC)	688,80 €
927-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (ASESORÍA XURÍDICA)	3.298,39 €
927-9200-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (ASESORÍA XURÍDICA)	1.600,00 €
927-9200-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (ASESORÍA XURÍDICA)	0,02 €
927-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ASESORÍA XURÍDICA)	1.074,80 €
927-9200-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (ASESORÍA XURÍDICA)	0,02 €
929-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (PREVENCIÓN)	2.495,49 €
929-9200-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (PREVENCIÓN)	600,00 €
929-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (PREVENCIÓN)	835,52 €
931-9310-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (INTERVENCIÓN)	19.559,76 €
931-9310-150,04	PRODUCTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (INTERVENCIÓN)	500,00 €
931-9310-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (INTERVENCIÓN)	712,98 €
931-9310-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (INTERVENCIÓN)	4.265,78 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-9310-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (INTERVENCIÓN)	188,94 €
932-9320-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (ORAL)	60.852,32 €
932-9320-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (ORAL)	17.421,17 €
932-9320-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (ORAL)	356,51 €
932-9320-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ORAL)	15.017,13 €
932-9320-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (ORAL)	5.244,42 €
934-9340-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (TESOURERÍA)	1.803,09 €
934-9340-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA,(TESOURERÍA)	1.800,00 €
934-9340-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (TESOURERÍA)	453,45 €
934-9340-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TESOURERÍA)	766,02 €
934-9340-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (TESOURERÍA)	126,99 €
942-9420-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (COOPERACIÓN)	10.017,44 €
942-9420-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (COOPERACIÓN)	4.800,00 €
942-9420-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (COOPERACIÓN)	960,32 €
942-9420-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (COOPERACIÓN)	3.224,33 €
942-9420-160,01	S. SOCIAL LABORAIS, (COOPERACIÓN)	268,89 €
	Total Suplementos de Créditos...	7.471.323,18 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 06/22:

A) Con baixas por anulación de aplicacións cuxa dotación e reducible sen minorar a prestación dos servizos que se están desenvolvendo:

- I. 22/926-9260-227,06 con destino ás aplicacións do servizo de Novas Tecnoloxías (TIC): 22/ 926-9260-626,01 e 22/ 926-9260-641,00.
- II. 22/942-9420-762,99 con destino á financiación das achegas que lle corresponden á Deputación nos proxectos de gasto que contan con financiación Europea: “Camiños do Deza” e “Entre Ríos _Condado Paradanta” do Centro Xestor Turismo e “Acelera Pyme” do TIC.
- III. 22/ 942-9420-762,14/2021, con destino ó financiamento do Convenio co Concello de Vigo, na aplicación do Centro Xestor operación: 22/942-9420-762,14.



Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
926-9260-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (NOVAS TECNOLOXÍAS)	-50.000,00 €
942-9420-762,99	A CONCELLOS, PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS (COOPERACIÓN)	-388.520,00 €
942-9420-762,14/2021	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS [VIGO-PONTEVEDRA], (COOPERACIÓN), {Sobrante non executado “EP-2001 Calvario a Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330). Lugar de Porto, entre regato Quintián e o núm. 77 da estrada do Porto” convenio co Concello de Vigo}	-597.460,55 €
	TOTAL...	-1.035.980,55 €

B) As demais aplicacións suplementadas, engadidas as correspondentes ao incremento das retribucións do persoal no 1,5%, fináncianse por unha parte: con maiores ingresos sobre os previstos no orzamento, correspondentes ás maiores “achegas a conta” dos impostos directos, indirectos (Participación nos Tributos do Estado), e ingresos SII IVA liquidación 2017, por unha suma total de 3.796.774,87,00 €; e a parte restante con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 2.638.567,76 €.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-100,00	CESIÓN IRPF (maiores achegas a conta 2022 sobre as previsións no orzamento)	1.345.957,60 €
934-210,00	CESIÓN IVE (maiores achegas a conta 2022 sobre as previsións no orzamento)	295.979,53 €
934-220,04	CESIÓN IMPOSTOS/HIDROCARBUROS (maiores achegas a conta 2022 sobre as previsións no orzamento)	120.349,47 €
934-210,00/2017	CESIÓN DE IVE, (maiores ingresos SII IVA 2017)	600.751,83 €
934-420,11	P.T.E., Fondo complementario de financiación (maiores ingresos SII IVA 2017)	1.433.736,44 €
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito (SUP. 06/20)...	2.638.567,76 €
	TOTAL...	6.435.342,63 €



Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	7.471.323,18 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	306.927,00 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-1.301.980,55 €
TOTAL MAIORES INGRESOS...	3.837.701,87 €
REMANENTE L. TESOURERÍA PARA G. XERAIS...	2.638.567,76 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directos.	1.345.957,60 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	1.017.080,83 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	1.433.736,44 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	40.927,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	3.837.701,87 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	2.638.567,76 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	2.638.567,76 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULO...	6.476.269,63 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	720.721,03 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	-123.200,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	245.000,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	5.981.341,60 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	-347.593,00 €
GATOS NON FINANCEIROS...	6.476.269,63 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €



<i>GASTOS FINANCEIROS...</i>	<i>0,00 €</i>
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	6.476.269,63 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
22/330-3340-479,01	OUTRAS SUBVENCIÓNS A EMPRESAS_CULTURA	245.000,00 €	
B-15.616.121	Vía Láctea Films, SL	245.000,00 €	Proxecto: "Xosé Gil. Pontevedra, provincia de cine, na orixe do cinema"

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
22/340-3400-462,01	A CONCELLOS, ESCOLAS DEPORTIVAS_DEPORTES	21.000,00 €	
P3601800J	CONCELLO DE FORCAREI	1.000,00 €	ESCOLAS DEPORTIVAS DE PATINAXE
P3602100D	CONCELLO GONDOMAR	5.000,00 €	ESCOLAS DEPORTIVAS DE PATINAXE
P3602300J	CONCELLO DA GUARDA	1.000,00 €	ESCOLAS DEPORTIVAS DE PATINAXE
P3603200A	CONCELLO DE MORAÑA	2.000,00 €	ESCOLAS DEPORTIVAS DE PATINAXE
P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	3.000,00 €	ESCOLAS DEPORTIVAS DE PATINAXE
P3605400E	CONCELLO TOMIÑO	5.000,00 €	ESCOLAS DEPORTIVAS DE PATINAXE
P3605600J	CONCELLO VALGA	4.000,00 €	ESCOLAS DEPORTIVAS DE PATINAXE

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 06/2022 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.06/22), por importe de 306.927,00 euros e suplementos de créditos (SUP.06/22) por importe de 7.471.323,18 euros, máis as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).



As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 06/2022, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

4.7875.- **APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2021 (EXPTE. 2020054538)**

Sra. Presidenta.- No punto 5. Aprobación das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023... (*escoitase falar*) aí si perdón, perdón, si, si, teñen vostedes razón quero correr moito porque teño que informarles que a unha téñome que ir, que seguirá logo o Vicepresidente, e entón estou acelerada pero, claro, hai que aprobar o punto 4. Aprobación da prórroga do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021. ¿Hai algunha intervención? Pois si non hai a someto a votación. ¿Votos a favor deste punto 4 de aprobación de prórroga do Plan Concellos 2021? ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade. Xa sabía eu entón.

O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria do 15 de decembro de 2020, mediante o acordo núm. 1.7538, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021, en diante Plan Concellos 2021, publicadas *no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 1, de 4 de xaneiro de 2021. Este plan elabórase para cumprir o mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e colaborar cos concellos na prestación integral dos servizos públicos segundo o seu tamaño e a súa poboación. Trátase, polo tanto, de garantir os principios de solidariedade, equilibrio e cohesión territorial, asegurando para o conxunto da veciñanza unha prestación axeitada e íntegra dos servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos ten como beneficiarios os concellos da provincia de ata 50.000



habitantes, de modo que a colaboración cos concellos de máis de 50.000 habitantes, non beneficiarios deste Plan, se instrumenta a través de convenios de colaboración coa correspondente asignación orzamentaria.

O Plan Concellos 2021 ten carácter anual e dotouse cun importe global de 42.500.000,00 euros, distribuídos en cinco aplicacións orzamentarias:

1. 21/942.9425.762.45 Liña 1. Investimentos en obras e servizos de competencia municipal, dotadas con 30.000.000,00 euros.
2. 21/942.9425.462.03. Liña 3. Emprego, dotada con 9.500.000,00 euros.
3. 21/942.9425.462.00. Liña 2. Gastos derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos etc., dotada con 1.500.000,00 euros.
4. 21/942.9425.462.45 e 21/942.9425.762.46 Liña 2. Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos e gastos correntes, dotada con 1.500.000,00 euros.

Os investimentos que propoñen os concellos ao abeiro do Plan Concellos 2021 están suxeitos a certas dificultades administrativas derivadas, principalmente, da protección do medio e do patrimonio. O proceso para obter licenzas afecta moi directamente a Administración municipal, asentada na técnica da intervención a través das autorizacións previas á actuación dos prestadores de servizos.

A dilación na obtención das licenzas e dos permisos necesarios, en todo caso, para a execución das obras, está a provocar retrasos no desenvolvemento dos investimentos subvencionados, polo que se estima conveniente estender o prazo de execución e, consecuentemente, tamén o de xustificación, co fin de garantir que os concellos dispoñan do tempo suficiente para xestionar a realización das actuacións subvencionadas cumprindo coas cautelas impostas pola normativa vixente.

A experiencia destes últimos anos evidencia o notable incremento na complexidade da xestión destes expedientes, que depende tanto do acerto das entidades interesadas na presentación da documentación coma da axilidade dos



entes encargados de emitir as autorizacións sectoriais.

Por outra banda, debe terse en conta que os beneficiarios das axudas son principalmente os concellos de menos de 50.000 habitantes e, polo tanto, aqueles con maiores carencias en materia de xestión. A falta de persoal e a necesidade de recorrer a asistencia externas retrasou notablemente a súa tramitación.

O Plan Concellos 2021 recolle nas súas bases 17.^a e 19.^a a posibilidade de modificar os acordos e as resolucións de concesión cando concorran circunstancias excepcionais e os reinvestmentos das baixas producidas na mesma obra ou noutra distinta, así como a tramitación de modificados de proxectos.

A propia natureza dos cambios de aplicación, que se producen de modo excepcional e non poden ser previstos na concesión, así como a tramitación de baixas das que, en principio, non se pode dar conta ata a finalización do procedemento de xustificación do investimento primixenio, implican un horizonte temporal máis longo do que se pode prever na concesión orixinal. Ademais, estes casos supoñen unha tramitación administrativa idéntica ás concesións orixinais, polo que semella difícil que todas elas se poidan realizar, executar e xustificar no prazo previsto inicialmente no plan.

Tras o descenso experimentado no ano 2020, en 2021 os prezos das materias primas empezaron a subir con forza nun contexto de recuperación económica. Esta alza no custo das materias primas que resultan necesarias para a execución de certas unidades de obra repercutiu de maneira moi intensa nos contratos dos investimentos.

A todo isto, actualmente, hai que engadir os efectos da invasión de Ucraína, que está a provocar o desabastecemento dos mercados, o encarecemento das materias primas e da enerxía, riscos pola falta de pagamentos, execución de avais, paradas na produción e tensión nos fluxos de caixa.

Nun contexto de inestabilidade como o que estamos a vivir, a execución dun número moi significativo de contratos públicos está paralizada. Os contratistas están a evidenciar como se altera fortemente a economía dos contratos por mor do extraordinario incremento dos custos, incremento que non era previsible no momento da licitación e que está a retrasar as execucións dos investimentos e a provocar que moitos procedementos de contratación queden desertos.



A magnitude e o carácter imprevisible da alza experimentada nos últimos meses aconsellan prorrogar o Plan Concellos 2021 para que os concellos poidan readaptar, na medida do posible, os seus proxectos aos prezos de mercado ou axustar o número de actuacións que se realicen.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A finalidade da Liña 1 do Plan Concellos 2021 é a axuda económica aos pequenos municipios para executar proxectos de obras e servizos, polo que a extinción da subvención e do programa debe producirse no momento que se realizou o investimento que fundamentou a concesión da axuda.

O Plan Concellos estende a xustificación con respecto á liña 1, de Investimentos, a aqueles que se produzan como consecuencia da aplicación das baixas, ata o 31 de decembro de 2022, segundo se sinala na base 21.^a, polo que debe entenderse que o plan está vixente na actualidade.

Neste sentido, circunstancias sobrevidas e imprevisibles coñecidas por todos e non imputables á actuación da Deputación e dos concellos beneficiarios están a producir retrasos na execución das obras incluídas no plan, licitacións que quedan desertas e, nalgúns casos, rescisións dos contratos de obras. Esta última circunstancia está a orixinalle, así mesmo, prexuízos notables á Administración. O proceso de terminación dunha obra que foi rescindida supón para a Administración un custo adicional que supera amplamente o do orzamento de adxudicación, pois vese na obriga de habilitar un novo procedemento de licitación, o que orixina importantes dilacións na posta en servizo dunha obra. Todas estas circunstancias implican que non se está a respectar o horizonte temporal previsto inicialmente nas bases do Plan Concellos 2021.

Ademais, de acordo co artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións debe acomodarse ao principio de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante. En caso de non estenderse a vixencia do plan poderíase ocasionar a execución incompleta e deficiente das obras, o que iría en detrimento dos fins perseguidos co Plan Concellos 2021.



En todo expediente de contido económico conflúen dous tipos de normas: de legalidade substantiva e de legalidade financeira, aplicables ás diferentes actuacións da Administración.

Desde o punto de vista xurídico, establécese que todos os actos deben ser sempre adoptados polo órgano competente. Desde o punto de vista económico, como se recolle no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o órgano competente deberá adoptar os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento fase no momento oportuno do procedemento.

A execución dos acordos de concesión e o libramento do crédito implica que previamente as actuacións subvencionadas deben estar rematadas na súa totalidade e xustificadas. Na conxuntura actual isto non será posible se os créditos comprometidos no Plan Concellos 2021 non se incorporan ao exercicio orzamentario 2023 e non se estende, polo tanto, a vixencia do plan.

De acordo co disposto nos artigos 182 do TRLRFL e 34 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, os créditos do Plan Concellos 2021 poderíanse incorporar ao orzamento de 2023, previa tramitación do correspondente expediente de incorporación de remanentes de crédito, unha vez aprobada a liquidación do orzamento xeral de 2022.

De conformidade co disposto na LRBRL, os plans de cooperación concíbense como un instrumento de acción pública, respectuoso co principio de autonomía, que ten por obxecto corrixir os desequilibrios municipais en materia de infraestruturas e equipamentos e axudarlles aos concellos a dotarse da práctica totalidade dos servizos locais mínimos e obrigatorios recollidos no seu artigo 26. Por conseguinte, segundo se establece na disposición adicional 8.^a da LXS, as axudas que se outorgan ao abeiro destes plans réxense pola súa normativa específica, e son de aplicación supletoria as disposicións contidas na devandita lei.

O procedemento de concesión das subvencións foi o de concorrencia non competitiva, ao abeiro do artigo 22 da LXS. A ampliación dos prazos non lle afecta á asignación do crédito, de xeito que nin se vulnera o principio de igualdade recollido no artigo 8 da LXS, nin se prexudican dereitos de terceiras persoas. De conformidade cos artigos 17.3.i) e 30 da LXS, as bases reguladoras



recollen o prazo de xustificación das actuacións ao abeiro do plan ata o 31 de decembro de 2022.

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas prevé a ampliación de prazos, tanto de oficio coma a petición das persoas interesadas. De acordo co artigo 32, esta ampliación poderá acordarse antes do vencemento do prazo que se vai ampliar, se as circunstancias o aconsellan e non prexudica dereitos de terceiras persoas, por un prazo que non exceda da metade do inicial. Así mesmo, o artigo 70 do Regulamento da LXS establece que, salvo precepto en contrario nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá acordar unha ampliación do prazo de presentación da xustificación que non exceda a metade deste.

Para computar os prazos que se van ampliar tense en conta o prazo do que dispoñían as persoas beneficiarias desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes, é dicir, o 6 de abril de 2021 ata a o límite máximo previsto nas bases, o 31 de decembro de 2022.

O artigo 70 do Regulamento da LXS remite ás normas do procedemento administrativo común, que esixen a motivación da ampliación de prazos. Queda recollido no expediente a concorrencia dos motivos que aconsellan esta ampliación, derivada de circunstancias sobrevidas e imprevisibles, que, en calquera caso, quedan fóra do control tanto da Deputación coma dos concellos.

Visto todo o anterior considérase que, ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a aplicación dos créditos comprometidos dentro da Liña 1 do Plan Concellos 2021 ata que se cumpran as actuacións subvencionadas, sen exceder, en todo caso, o 31 de outubro de 2023, dado que as circunstancias así o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas; con base na documentación relativa ao citado plan que obra no expediente; á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, do 20 de setembro de 2022 (emendado en data 17 de outubro de 2022), da Intervención provincial, do 11 de outubro de 2022, e da Secretaría xeral, do 27 de setembro de 2022, no que se lle presta conformidade á proposta do Servizo de Cooperación, e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, de data 21 de outubro de 2022, de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2



de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno acorda por unanimidade:

- 1.º Prorrogar o prazo para solicitar as subvencións por reinvestimento de baixas ou cambios de finalidade, ata o 31 de maio de 2023.
- 2.º Prorrogar o prazo de execución dos investimentos ao abeiro da Liña 1, Investimentos, do Plan Concellos 2021, ata o 30 de setembro de 2023.
- 3.º Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos ao abeiro da Liña 1, Investimentos, do Plan Concellos 2021, ata o 31 de outubro de 2023.

5.7876.- **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPTE. 2022064094)**

Sra. Presidenta.- Punto 5. Aprobación das bases reguladoras, agora si, do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e amortización de débedas con entidades financeiras, acreedoras de gasto corrente e investimentos e financiamento do gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, (Liña 2). Sr. Font, ten a palabra.

Sr. López Font.- Gracias de nuevo Presidenta. Traemos a aprobación el Plan Concellos 2023 destinado a los 59 municipios de menos de 50.000 mil habitantes y que estará dotado en este año 2023 con 44 millones de euros. Las 3 novedades que mantiene, que tiene, perdón, con respecto a planes anteriores, una es el incremento en la línea 2 de amortización, con 1 millón de euros, destinada exclusivamente a los concellos de menos de 20.000 mil habitantes, permitirá su



capacidad de gestión en estos momentos de inflación de precios; la segunda es que se va a permitir que se pueda traspasar hasta un 30% de los recursos de la línea 1 a la línea 2 para aquellos concellos que estén en situación de poca liquidez y también para afrontar esos gastos de inflación; y la tercera novedad es la línea 3, de empleo, que se diseña este año con un plan propio de política activa de empleo, que nos permite seguir garantizando las contrataciones que se venían haciendo una vez que ha sido aprobada la reforma laboral y que ha habido que recurrir y dotar en esta vía. Así pues, más recursos, más mecanismos para afrontar la difícil situación, garantizando derechos y servicios en la provincia, tratamos de continuar con la recuperación social y económica tras la pandemia reforzando nuestro papel municipalista, un papel en el que se reconoce que somos la diputación que más recursos transferimos a los concellos, como ya saben todos ustedes, en un 33,7%, mantenemos y reforzamos la autonomía y la responsabilidad de los concellos. Al aprobar este plan, y este año más que nunca, para que los concellos puedan planificarse, se mantienen los 3 pilares fundamentales con los que creamos el Plan Concellos en el año 2016, y esto creo que es importante recalcarlo. El primero, es un plan para todos, dirigidos a los concellos de la provincia con menos de 50.000 habitantes donde los concellos más pequeños tienen más recursos. Segundo, un plan que respecta a la autonomía local, son los concellos quienes deciden y eligen. Y tercero, un plan de equidad, dado que tiene unos criterios objetivos y transparentes como superficie, población, etc., de cara a que cada concello tenga estas disponibilidades por encima del color político de su alcaldía. Permítanme recordar que este es un plan que simplifica todo lo que eran programas anteriores de subvenciones y que elimina la discrecionalidad y también desaparece la libre designación. Las líneas del plan están dotadas: la línea 1 con 30,5 millones, la línea 2 con 4 millones y la línea 3 de fomento al empleo con 9,5 millones. Los criterios del plan como ocurre desde que llegamos a este gobierno se realizan atendiendo a criterios objetivos de población. Los 3 grupos: el grupo 1 de menos de 10.000 habitantes engloba a 37 concellos y perciben el 45,32% de este Plan Concellos, es decir, 20 millones de euros. El grupo 2, 14 concellos entre 10.000 y 20.000 habitantes, reciben el 31,95 % un total de 14 millones. Y el grupo 3, de 8 concellos entre 20.000 y 50.000 habitantes reciben el 22,73 por un total de 10 millones de euros. Por tanto, un año más son los concellos más pequeños los que reciben más dinero. En esta ocasión con el millón adicional de forma extraordinaria, que comenté al principio y la realidad es que los concellos de menos de 20.000 habitantes perciben de este Plan Concellos el 77,27% que supone 34 millones de euros. También es necesario recalcar que desde que gobernamos, desde 2016, el



Plan Concellos se ha ido incrementando, arrancó con 42,2 millones, saltó a 42,5 a 43 en el 2022 y hoy en el 2023 tendrá 44 millones de euros. Este crecimiento, como decía, lo confirma el Ministerio de Hacienda, y hay una cifra que daba el otro día en el debate del presupuesto absolutamente demoledora, los concellos han tenido acceso en estos años a 340 millones de euros, 2.913 obras, 1.440 acciones de pago y 7.007, 7.007 empleos creados. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. E non teño máis palabras. Si. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben. Nun punto tan importante para os concellos i para a provincia non queremos facer un debate agrio nin crispado, simplemente imos a puntualizar 4 argumentos polos cales nos imos abster. O Grupo Provincial do Partido Popular, os alcaldes e alcaldesas da provincia, vimos advertindo sobre as dificultades que están atravesando os pequenos e medianos concellos da nosa provincia, que non é unha situación axena aos concellos do resto de Galicia e de España. No garantemento da prestación de servizos básicos de competencia municipal, estamos ante o orzamento máis alto da historia da Deputación, o ano no que se vai a contar con máis recursos i cremos que non é acertado non aumentar máis a cantidade ó Plan Concellos. Dende o 2016 o orzamento da Deputación medrou en 35 millóns de euros brutos, sin que apenas se notase no único instrumento de cooperación que pon a Deputación de Pontevedra hacia os concellos que é o Plan Concellos. Temos que decir que fixeron caso ó Partido Popular pero só a medias, van deixar, van permitir meter gasto corrente no Plan Concellos pero non porque se destinen máis fondos, é a costa de retraelo dos investimentos; moitos concellos van a ter que acudir a esta posibilidade que se ofrece reducindo o nivel de investimento, reducindo o nivel de contratación pública nos seus concellos, é decir, sen aumentar os seus servizos nos seus pobos, sin aumentar a mellora das infraestruturas nas súas parroquias, nos seus municipios. Propoñen destinar o 30% da línea 1 de investimentos para amortizar gasto corrente e desvialo á línea 2, é algo que viñamos pedindo dende o Grupo Popular, é algo que os alcaldes viñan transmitindo, pero sen aumentar o Plan Concellos, solamente se aumenta 1 millón de euros, a pedrea, de todo o que aumenta o orzamento da Deputación, nun ano no que teríamos que estar todos volcados en poñer aos veciños e aos concellos no centro da acción política, solamente vamos a contar cun millón de euros máis. Para nós isto é fomentar a desigualdade na provincia. ¿Por que? Porque mentres os pequenos e os medianos concellos estamos ó límite vostedes siguen priorizando a firma de convenios coas



ciudades, con cidades que teñen aprobados orzamentos cadanseu de 297 millóns de euros e 107 millóns de euros. Por iso nos parece inxusto a decisión que toman, e por iso dende o Grupo Provincial do Partido Popular anunciamos a nosa abstención.

Sra. Presidenta.- (*Non se escoita*).

Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sra. Presidenta. Bos días a todos e a todas. Ben, con respecto ó financiamento dos concellos poderíamos falar amplo e tendido, ¿non?, entre outras cousas porque resulta que está, por exemplo, as transferencias do Estado, están estruturadas para que Madrid e Barcelona leven unhas cantidades absolutamente indecentes en relación ao que levan os concellos pequenos. Entonces, temos unha escala, ¿verdá?, agora moito máis confuso todo pola transferencia da participación nos tributos do estado, ¿non?, o IVA, o IRPF e demais, pero simplificado, que sigue funcionando igual, resulta que os coeficientes máis ou menos son de 0 a 5.000 habitantes 1, de 5.000 a 10.000, 1,1, de 10.000 a 20.000, 1,3, de 20.000 mil a 50.000, 1,4, de 50.000 a, non sei si 300.000 ou medio millón, ¿non?, hai un salto en 100 mil tamén, pois igual 1,8, e despois están os grandes, sobre todo Madrid e Barcelona, que levan por habitante case 3 veces máis que un pequeno. Bueno, curiosamente pois eso non está en debate, é a consecuencia que os concellos pequenos teñen un financiamento por parte do Estado por habitante moito máis baixo que os concellos de maior tamaño e non digamos, repito, Madrid e Barcelona. Claro, esta Deputación está facendo un esforzo ímprobo en corrixir esa situación, e creo que lle temos dado datos aquí, e resulta que facilmente o que levan os concellos de menos de 10.000 multiplica por 4, multiplica por 4, ¿eh?, o que levan por habitante os concellos de máis de 50.000; estamos facendo un esforzo ímprobo que creo que están aí, están aí, vamos, as contas para facer e os resultados. Eu non sei que pensarán os deputados e deputadas que hai aquí de Pontevedra e Vigo, pero resulta que estamos levando por habitante bastante menos que os demais concellos, cousa que nos parece lóxico pa que dar medios e combatir digamos os, -Presidenta non puxo o tempo, (*escóitase falar*), tres- bueno, ¡ah!, ben. Entonces estamos facendo ese esforzo ímprobo, e de todas as maneiras non sei cal é a lideira do, vamos, do Portavoz do PP, o Sr. Cubela, cando os convenios con Pontevedra e Vigo levan aquí nesta Diputación senón me falla a memoria desde o ano 2000 bastante, ou sea que cando se excluíu pola normativa que estaban fóra do POS, do Plan de obras e servicios daquela, levan desde sempre aquí; entonces non sei exactamente cal é a novidade ou cal é o problema. A situación é que leva, digamos, estamos



corrixindo e levan bastante menos do que, por habitante, do que lle corresponde aos concellos pequenos, ¿non?. E xa para rematar vou a tomarlle, co seu permiso, unhas palabras do Interventor, o Sr. Graña, que di que “si un concello non é capaz folgadoamente cos seus ingresos atender o gasto corrente eso vai mal, eso vai mal, sexa grande ou sexa pequeno”. Podíamos falar tamén de certos paraísos fiscais, paraísos fiscais, que é o gran defecto do Plan Concellos, que hai concellos que o están usando para convertirse en paraísos fiscais, como a Diputación lle manda unha cantidade de cartos moi substancial, pois entón non é, a presión fiscal a baixamos, rebaixamos todo, que total xa nos pode dar, co que manda a Diputación para sobrevivir. É un efecto perverso que hai que facelo mirar, igual non é o momento de discutilo pero, desde logo, si que é un problema que está aí que hai que resolver.

Sra. Presidenta.- Ten a palabra Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias.- Le compadezco Sr. Cubela, porque venir con estos argumentos para ir en contra de un Plan Concellos como este, año tras año, buscando una excusa año tras año, para aprobar, para no aprobar este plan, la verdad es que es absolutamente lamentable. Mire, la política se mide por los hechos, no se puede estar en contra de todo, no se puede estar en contra de algo que multiplica por cuatro, por cinco, por diez lo que se hace en otras administraciones. Y luego este lenguaje de la pedrea, pero si lo que le ha tocado a los concellos es el gordo desde que gobernamos nosotros con el Plan Concellos. Pero mire, le quiero hacer unas preguntas: ¿cómo es posible que no sea capaz de aprobar el Plan Concellos y pertenezca a un partido político que el fondo de cooperación en la Xunta de Galicia lo tiene congelado, desde hace 11 años, en 112 millones?, ¿saben cuánto contribuye la Xunta de Galicia a la financiación de los concellos en la provincia de Pontevedra a través de este fondo? En 30,5 millones y el Plan Concellos es de 44 millones. ¿Cómo es posible que, siendo usted del Partido Popular y la Diputación de Ourense destine el 0,03, diga las cosas que dice aquí? ¿Cómo es posible que forme parte de un partido político en que hay diputaciones que ni de lejos se acercan a lo que hace esta Diputación en cuanto al Plan Concellos? Pero hay algo mucho más grave de su intervención y es que dice que este Plan Concellos es el único instrumento de cooperación de la Diputación con los concellos, ¡hombre, Sr. Cubela!, que le tenga que estar recordando yo el Plan DepoRemse, el Plan Reequilibrio, el Reacon, que le tenga que estar recordando a usted que es alcalde de los fondos que perciben para cultura, para deportes, para medio ambiente, Revitaliza, patrimonio y política



social. ¿Es este el único instrumento de cooperación de este gobierno con los concellos? Está faltando absolutamente a la verdad. Por lo tanto, miren, estamos ante un Plan Concellos objetivo, un Plan Concellos, como decía antes, basado en la igualdad pero también decía antes los datos son los que no mienten, en todos estos años los concellos de menos de 10.000 mil habitantes dispusieron de 157 millones, atienda Sr. Cubela, usted que es alcalde, de 10.000 a 20.000 dispusieron de 110 millones, es decir, los concellos de menos de 20.000 habitantes han tenido 267 millones de euros como no tuvieron nunca. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sr. Cubela ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Si. Baje Sr. Font que se ha venido muy arriba. Mire, ustedes lo han dicho, acábano de describir perfectamente o que son os concellos pequenos para vostedes, practicamente uns parásitos, uns insolventes e uns paraísos fiscais. Eso é o que opina e o que opinou hoxe o goberno provincial dos concellos pequenos e medianos, das súas dificultades, das súas problemáticas e dos problemas que teñen para pagar facturas. ¿Ou é que vostedes non saben que os concellos pequenos atenden a veciños que van todos os días ás portas dos consistorios a pedir cousas que son de competencia municipal i que tamén non son de competencia municipal i que, pola súa proximidade, e por que hai que solucionarlos se actúa neles? ¿Sabían iso? ¿É que ó mellor non o saben? Porque entre os seus grupos, entre os seus grupos, teñen vetados a presencia nesta corporación, no goberno provincial, aos seus alcaldes, ¿cantos alcaldes e alcaldesas hai aí sentados? Ningún, a metade deste grupo está composto de alcaldes i ex-alcaldes que esa é a diferenza que vimos aquí coa realidade, a representar, vostedes veñen aquí á representación, que son dous conceptos distintos, representar i representación, nós vimos a representar vostedes veñen a facer representación, esa é a diferenza, e o que dixen, nun debate absolutamente respectuoso, foi a realidade deste Plan Concellos, vostedes renuncian a defender e a representar aos concellos e aos gobernos locais da provincia de Pontevedra para converterse na oposición na Deputación de Ourense, eso é o que veñen a facer aquí. Estou moi orgulloso de ser un alcalde do Partido Popular, estou moi orgulloso de ser un alcalde do Partido Popular que promoveu un cambio de goberno no seu concello, i que atende a veciños que teñen moitas dificultades e moitas necesidades, i que non podemos estar esperando ou agardando a que a Diputación nos vote unha man, porque é o que fixeron, renunciar a axudar aos concellos, eso é no que se resume o debate de hoxe. Calificaron practicamente aos municipios de parásitos, de insolventes i de paraísos fiscais, si ó final tardaron



8 anos, pero 8 anos despois manifestaron o que opinan dos concellos, dos gobernos municipais i dos seus alcaldes. Nada máis.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Cubela. Sr. Font, ten vostede dous minutos para pechar o debate.

Sr. López Font.- La verdad es que es indigna su intervención en relación a la definición que hace de los concellos, no se ha enterado absolutamente de nada de este debate, y parece mentira que ya que presumen de alcaldes usted sea alcalde y pueda decir estas cosas, porque está en su derecho de decir que no quiere Plan Concellos y de que volvamos al plan Louzán. Mire, los datos son los únicos que valen, le decía antes los millones de euros, y ahora muy brevemente le voy a redactar lo que han podido hacer los concellos desde el año 2016. Año 2016: 594 obras en todas las provincias, 300 solicitudes para pago, 1.155 contrataciones; año 2017: 633 obras, 214 solicitudes de pago, 1.125 contrataciones; año 2018: 428 obras, 227 solicitudes y 1.048 contrataciones; año 2019: 327 obras, 243 solicitudes, 958 contrataciones; año 2020 y 2021 en las mismas cifras; año 2022: 351 obras en toda la provincia, 149 solicitudes y 932 contrataciones; y todo esto, Sr. Cubela, con criterios, con rigor y con transparencia. Miren, estas son las realidades no apoyar este esfuerzo tan grande que hacemos es un burdo intento de confrontar sin un sólo argumento porque usted no lo tuvo. Ustedes sigan así, la guerra política, partidista, sin ningún dato que les abala es lo único que les interesa. Nosotros seguiremos transformando los concellos incluido el suyo y transformando la vida de la gente, ustedes, ustedes, Sr. Cubela, discúlpenme, son inútiles para el bien común que nosotros perseguimos. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Finalizado o debate sometemos a aprobación as bases reguladoras do Plan Concellos. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobado por 16 votos a favor e 11 abstencións.

Dáse conta das “Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc., (Liña 2) 2023”, que conteñen as prescricións que rexerán os programas de axudas da Deputación de Pontevedra destinados á mellora do emprego e ao sostemento do gasto corrente no que incorren os concellos na prestación dos



servizos esenciais, incluídos os derivados da realización de todas aquelas actividades sociais, culturais, deportivas, etc., que contribúen a fomentar os intereses da veciñanza e a dinamizar e harmonizar o territorio.

Deste modo, de conformidade co establecido na D.A. Oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, coa súa aprobación polo Pleno Provincial, estas bases constituirán a normativa específica pola que se rexerán os programas de subvencións contidos nelas.

Vista toda a documentación relativa ás citadas bases que obra no expediente; vistos os informes do Secretario Xeral, do 11 de outubro de 2022, da xefa do Servizo de Cooperación, do 10 de outubro de 2022 (emendado o 18 de outubro de 2022) e da Intervención Provincial, do 18 de outubro de 2022 e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, de data 21 de outubro de 2022, de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP:

1º.- Aprobar as “Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos e sociais, etc., (Liña 2) 2023”, condicionadas, por tratarse dunha tramitación anticipada, á existencia de crédito adecuado e suficiente logo da aprobación definitiva dos orzamentos para o exercicio 2023 e a súa entrada en vigor. O texto das bases reguladoras di como segue:

“BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS, ETC. (LIÑA 2) 2023

INTRODUCCIÓN



A Deputación de Pontevedra quere contribuír ao impulso e á recuperación da economía provincial desenvolvendo durante o ano 2023, ao abeiro do Plan Concellos, dous programas de axudas. Un deles está destinado á activación do emprego mediante a contratación de persoas desempregadas para realizar obras e servizos de interese xeral e social, de competencia municipal e xestionado mediante a concesión de subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, segundo o disposto no artigo 36.3 do Texto refundido da Lei de Emprego. O outro está destinado a financiar gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, deportivas e sociais, da prestación dos servizos incluídos no capítulo II do orzamento de gastos do Plan Concellos, así como á amortización das débedas contraídas con entidades financeiras, acredores de investimentos e acredores de gasto corrente.

I

En relación co primeiro, o desemprego é un factor importante de vulnerabilidade das persoas, xa que un período de tempo continuado nesta situación pode dar lugar non só á exclusión do mercado laboral, senón que pode supoñer un elevado risco de segregación social das persoas que pertencen aos colectivos máis desfavorecidos.

As recomendacións da UE en materia de emprego diríxense a que os estados membros deben descentralizar a xestión das políticas de emprego para acadar unha maior empregabilidade das persoas desempregadas. Estas directrices poñen especial atención na importancia da creación de postos de traballo a nivel local, ámbito no que se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego. Esta dimensión local esixe que as políticas para a activación do emprego, tanto no seu deseño coma na súa xestión, se axusten ás necesidades do territorio e teñan presente o dereito a unha boa administración para toda a cidadanía e os operadores económicos, xa que os concellos están obrigados, como Administración máis próxima, a prestar uns servizos básicos que non admiten demora ou paréntese no tempo de ningún tipo.

O programa para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra, que require da implicación das administracións locais e dos seus recursos, vai da man do Plan de recuperación, transformación e resiliencia no referente ao compoñente 23, “Novas políticas públicas para un mercado dinámico, resiliente e inclusivo”, e dun dos eixes nos que se articula a Estratexia española de activación, en concreto co eixe 3, que, baixo a denominación “Oportunidade de emprego”, inclúe as actuacións que teñen por obxecto incentivar a contratación, a creación de emprego ou o mantemento dos postos de traballo, especialmente de aqueles colectivos que teñen maior dificultade no acceso ou na permanencia, con especial consideración á situación das persoas con discapacidade, das que se atopan en risco de exclusión social, das que teñen responsabilidades familiares ou das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todo o que antecede xustifica a intervención da Deputación de Pontevedra por canto se circunscribe ao ámbito da súa competencia de cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia.



II

Doutro lado, estamos a sufrir unha escalada de prezos sen precedentes nos últimos anos, cun aumento xeneralizado dos prezos dos produtos derivados do petróleo e da electricidade, así como unha escaseza de materias primas que se viu agravada pola invasión de Ucraína, que elevou a inflación ata niveis descoñecidos na historia recente.

Nestes momentos de difícil situación económica, os concellos da provincia están a sufrir unha importante redución dos seus ingresos correntes, cunha gran repercusión na liquidez das súas tesourerías. Esta falta de liquidez está a provocar, por un lado, unha demora no pagamento das obrigas cos provedores e acredores dos servizos e das subministracións necesarias para o normal desenvolvemento dos servizos públicos, o que orixina un incremento dos custos financeiros que deben soportar polo pagamento tardío, e, por outro, que os concellos dispoñan de menos recursos para desenvolver as actividades que contribúen a dinamizar e manter os servizos culturais, sociais, deportivos e a cohesión do territorio provincial.

En consecuencia, a acción da Deputación de Pontevedra inscríbese na liña de fomento e cooperación cos municipios tendo en conta o papel fundamental que desempeñan estes últimos na prestación de servizos esenciais, especialmente nun momento coma o actual no que os concellos, para atender aos principios de eficacia, eficiencia e aforro en custos, se atopan inmersos nun proceso de transformación para configurarse como administracións modernas e responsables socialmente.

En relación co exposto, confecciónanse as seguintes bases reguladoras:

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto

As bases e a convocatoria deste plan teñen por obxecto regular o procedemento de concesión e xustificación das subvencións destinadas á activación do emprego, á amortización de débedas con entidades financeiras e acredores de gasto corrente e investimentos, ao sostemento dos gastos correntes en bens e servizos municipais, e á realización de actividades (culturais, sociais, deportivas, etc.) que contribúan a fomentar os intereses xerais da veciñanza do municipio.

As finalidades subvencionables serán as sinaladas nestas bases e os concellos poderán libremente elixir as actuacións que desexen realizar. Non obstante, se algunha proposta non se axustase ao obxecto destas bases ou de non cumprirse algún dos requisitos obrigatorios establecidos nelas, a Deputación poderá rexeitala. Neste caso, o concello poderá presentar unha nova proposta.

As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse a financiar os seguintes programas, nos termos recollidos nas disposicións específicas de cada un deles:

- Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3).



- Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (Liña 2).

Segunda. Natureza xurídica

As axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse por estas bases.

Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.3 das bases de execución do orzamento para o exercicio 2023 e no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é o Pleno da Deputación.

Cuarta. Beneficiarios

Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021. Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que conorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

A colaboración cos concellos de máis de 50.000 habitantes, que non son beneficiarios deste plan, instrumentalizarase a través de convenios de colaboración, para o cal se dotará de crédito a correspondente aplicación orzamentaria.

Quinta. Aplicacións orzamentarias e porcentaxes das subvencións

O plan conta con dous programas de subvencións para os concellos, que se financiarán con cargo ás dotacións orzamentarias das aplicacións que se sinalan a continuación. A autorización e a disposición do gasto quedarán condicionadas á existencia de crédito no correspondente orzamento.



- Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), dotado con nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03.
- Programa para a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc., dotado con tres millóns (3.000.000,00) de euros, con cargo ás seguintes aplicacións:
 - Amortización de débedas con entidades financeiras e pagamento de débedas con acredores de investimentos, con cargo á aplicación orzamentaria 23/942.9425.762.46.
 - Pagamento de acredores de gasto corrente e gastos derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos e contratos de consultoría, dotada cun millón cincocentos mil (1.500.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/942.9425.462.45.
 - Gastos derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc., dotada cun millón cincocentos mil (1.500.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/942.9425.462.00.

Así mesmo, co obxecto de favorecer os concellos de ata 20.000 habitantes, onde se detectan máis dificultades na prestación dos servizos básicos e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc., dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 cun millón (1.000.000,00) de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non excedan do devandito número de habitantes.

Sexta. Criterios obxectivos de outorgamento das subvencións e ponderación destes, así como criterios para determinar as contías individuais

O plan de carácter anual dótase cun importe total de trece millóns cincocentos mil (13.500.000,00) euros no exercicio 2023.

Desta cantidade, doce millóns cincocentos mil (12.500.000,00) euros repartiranse entre tres grupos da forma seguinte:

Habitantes	Grupo 1 1-10.000	Grupo 2 10.001-20.000	Grupo 3 20.001-50.000
Porcentaxe	45 %	31,74 %	23,26 %
Cantidade por grupo	5.625.000,000 €	3.967.500,00 €	2.907.500,00 €
Total	12.500.000,00 €		

Estas cantidades repartiranse entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nestas porcentaxes:



Grupos de concellos	Ata 10.000 habitantes	De 10.001 a 20.000 habitantes	De 20.001 a 50.000 habitantes
Porcentaxe fixa	40 %	40 %	45 %
Porcentaxe variable	60 %	60 %	55 %
Distribución variable			
Porcentaxe de poboación	60 %	60 %	60 %
Porcentaxe de superficie	20 %	20 %	15 %
Porcentaxe de núcleos	10 %	15 %	20 %
Porcentaxe de densidade	10 %	5 %	5 %

Así mesmo, un millón (1.000.000,00) de euros repartirase exclusivamente entre os concellos con poboación de ata 20.000 habitantes:

Habitantes	Grupo 1 1-10.000	Grupo 2 10.001-20.000
Porcentaxe	58,64%	41,36%
Cantidade por grupo	586.395,62€	413.604,44€
Total	1.000.000,00 €	

Estas cantidades repartiranse entre o número de concellos que forman cada grupo en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nestas porcentaxes:

Grupos de concellos	Ata 10.000 habitantes	De 10.001 a 20.000 habitantes
Porcentaxe fixa	40 %	40 %
Porcentaxe variable	60 %	60 %
Distribución variable		
Porcentaxe de poboación	60 %	60 %
Porcentaxe de superficie	20 %	20 %
Porcentaxe de núcleos	10 %	15 %
Porcentaxe de densidade	10 %	5 %

As porcentaxes de repartición fixéronse para corrixir os desequilibrios territoriais entre os concellos, de tal forma que as entidades municipais que se atopan nos niveis máis baixos poidan dispoñer de recursos económicos para prestar os seus servizos en condicións de igualdade. Desta forma acádase unha distribución máis equitativa, poténcianse os concellos máis pequenos e desfavorecidos e materialízase a competencia atribuída á Deputación en canto á asistencia e cooperación cos municipios, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión.



Cada concello coñecerá as cantidades que lle corresponden dentro dos dez (10) primeiros días hábiles seguintes ao día da publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO). Tamén poderán informarse dirixíndose ao Servizo de Cooperación.

Para estes efectos, todos os datos que se terán en consideración serán os publicados polo IGE correspondentes ao ano 2021.

A Presidencia ditará unha resolución na que aprobará a cantidade total e a cantidade que lle corresponde a cada concello por programa, tendo en conta que a disposición do crédito farase para cada solicitude de subvención, unha vez comprobada a documentación achegada e instruído o procedemento segundo se recolle nas bases específicas de cada programa.

Non obstante, de acordo co recollido na base quinta do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, cuxo contido vincula estas bases, aqueles concellos que non fagan uso das contías asignadas aos programas de axudas referidos poderanas empregar para facer investimentos, incrementando para tal efecto a cantidade asignada para este fin no exercicio 2023.

Por outra parte, a incerteza da contorna actual, propiciada pola inxusta invasión de Ucraína, está a provocar unha inflación a niveis descoñecidos na historia recente con gran repercusión na liquidez das tesourerías municipais. Por esta razón, os concellos que así o soliciten poderán destinar ata o 30 % da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

Non se admitirán traspasos de crédito entre o programa de activación do emprego (Liña 3) e o programa de gastos (Liña 2).

En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, na que se indique a cantidade que pretende traspasar do programa de activación do emprego (Liña 3) e/ ou do programa de amortización de débeda e gastos (Liña 2) á Liña 1, Investimentos, do exercicio 2023 ou da Liña 1, investimentos, do ano 2023 ao programa de amortización de débeda e gastos (Liña 2).

Os traspasos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro do correspondente programa, unha subvención inferior.

Sétima. Compensación de débedas

Segundo o recollido na base sétima do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, antes do remate do exercicio 2022 a Deputación comunicaralles aos concellos a relación de débedas que teñan coa institución provincial co fin de que se proceda ao seu pagamento no



prazo de dez (10) días desde o día seguinte ao da recepción da comunicación. De non procederse ao seu aboamento, a Deputación detraerá o importe das débedas do crédito do ano 2023. No caso de que o crédito de 2023 estea en parte afecto ao financiamento dun gasto plurianual, a detracción realizarase sobre a parte do crédito non comprometido con ese gasto plurianual.

De estar o 100% do crédito do exercicio 2023 comprometido no financiamento dun investimento bienal, a detracción efectuarase da cantidade que lle poida corresponder ao concello do programa de activación do emprego (Liña 3) ou do programa para a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (Liña 2), ou, no seu caso, dos ingresos propios do concello froito da recadación do ORAL.

Oitava. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións con cargo aos programas para a activación do emprego 2023 (Liña 3) e o programa para a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (Liña 2) é o de réxime de concorrencia non competitiva.

Novena. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes para o programa de activación de emprego 2023 (Liña 3) e para o programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (Liña 2) presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistema de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).

O prazo para presentar as solicitudes nos dous programas é de tres (3) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no BOPPO e na Base Nacional de Subvencións.



Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación dos procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.

No caso de que os concellos interesados se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderase solicitar a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de acordos e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e da Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a esta.

O sistema remitiralle ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Compatibilidade

As subvencións que se concedan no marco do programa de activación de emprego 2023 (Liña 3) e no marco do programa para a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc., (Liña 2), son compatibles con outras axudas públicas para a mesma finalidade outorgada por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe destas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non se supere o custo da actividade subvencionada.



Para estes efectos, e de conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é a de lle comunicar á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

Todas as alteracións das condicións que se tiveron en conta para a concesión e, en todo caso, a concesión concorrente de axudas por calquera entidade pública ou privada, nacional ou internacional, poderán dar lugar á modificación da subvención outorgada.

Décimo terceira. Ordenación, instrución, procedemento e resolución

A instrución dos procedementos de concesión de subvencións do programa para a activación do emprego 2023 (Liña 3) e do programa para a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc., (Liña 2), correspóndelle ao Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Igualmente, o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

Unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.

Se algunha solicitude de subvención é rexeitada pola Deputación por non axustarse ás condicións contempladas nestas bases ou por non cumprir algún dos requisitos esixidos nelas e, por esta razón, é informada desfavorablemente polas ou polos facultativos técnicos/os de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o concello poderá presentar unha nova solicitude.

As subvencións que se outorguen no marco dos programas referidos deberán estar totalmente concedidas no prazo de seis (6) meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez notificadas as resolucións ou os acordos de concesión, entenderanse aceptados polos concellos salvo que estes os rexeiten expresamente.



Décimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais recollidos nos procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo quinta. Reintegro

Reintegraranse as subvencións outorgadas en conformidade con estas bases nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS e nos artigos 29 e 30 da OXSDEPPO.

Décimo sexta. Disposición final

As disposicións xerais e específicas e cantos actos administrativos deriven delas poderán ser impugnadas na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) e pola Lei 29/1998, de 13 xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

CAPÍTULO II. DISPOSICIONES ESPECÍFICAS DO PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023

Primeira. Obxecto

A través deste programa subvencionarase a contratación de persoas desempregadas, por parte dos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, tendo en conta os seguintes requisitos:

- Que sexan prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.



- Que favorezan na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar.
- Que sexan prestados ou executados no ámbito municipal.
- Que respondan a necesidades de persoal urxentes e inaprazables; é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- Que esas necesidades lles afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza; tamén as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno.

As axudas comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (de calquera categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos no parágrafo seguinte destas bases e respectaranse en todo caso o salario mínimo interprofesional que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables de acordo coa categoría profesional da persoa traballadora. Os concellos poderán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos e ás características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

O concello beneficiario será o que realice a selección definitiva das persoas candidatas, de conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución pola que se conceda a subvención. Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, na selección daráselles preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:

- Vítimas de violencia de xénero.
- Persoas candidatas maiores de 45 anos e aquelas que acrediten unha discapacidade superior ao 33 %.
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas ou fillos ao seu cargo.



- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa.
- Persoas candidatas con cargas familiares.

Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período.

Os concellos deberán contratar o persoal a través da modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de Emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial.

A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e a persoa traballadora non vinculará a Deputación de Pontevedra.

A subvención para este programa deberá solicitarse nun único expediente.

Segunda. Documentación

A subvención para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) debe solicitarse nun único expediente. O concello interesado, ademais da solicitude de subvención, presentará a seguinte documentación:

- Memoria global das actuacións que se van desenvolver na que se indiquen o perfil (categoría profesional) e o número de persoas desempregadas que se van contratar, a desagregación do orzamento por persoa traballadora e o importe da subvención por cada unha delas.
- Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente, de acordo co anexo VIII, no que se faga constar:
 - O acordo do órgano competente do concello da aprobación da solicitude de subvención coa indicación da súa denominación e de que se cumpren as condicións establecidas nas bases reguladoras, en concreto, que esta solicitude responde a necesidades de persoal urxentes e inaprazables en sectores, funcións e categorías profesionais indispensables para satisfacer as necesidades básicas da veciñanza ou para asegurar o funcionamento regular da entidade e dos seus órganos de goberno.
 - A aprobación da memoria descritiva na que se determine o número das persoas desempregadas que se van contratar e o seu perfil (categoría profesional).
 - A colaboración no financiamento da actuación proposta cos fondos económicos necesarios cando haxa cofinanciamento por parte da entidade municipal; o órgano que adopta a resolución ou o acordo será o competente para comprometer a mencionada achega municipal.

Cando se cubra a documentación, débense ter en conta as seguintes instrucións:



Os certificados asinaraos a secretaria ou o secretario do concello e a persoa que teña atribuída a representación legal ou delegada a competencia.

As declaracións, compromisos e outros documentos asinaraos a alcaldesa ou o alcalde, ou a persoa en quen delegue.

A documentación deberá presentarse de forma electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a institución poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas achega a documentación presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

No caso de que o conxunto de documentos que se deben presentar de forma electrónica superase o tamaño máximo de 50 Mbytes admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación electrónica separada da solicitude a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>



Cuarta. Modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego

Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes do 1 de novembro de 2023, e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial á subvención outorgada ou pola modificación do contido sen variar a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada.

- **Modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por cambio de finalidade (con destino á Liña 1, Investimentos, do exercicio 2023)**

Estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Achega da petición e escrito no que se motiven as circunstancias que xustifican o cambio de finalidade.
- Acordo do órgano competente do concello no que se resolva a desistencia (total ou parcial) e o cambio de destino.
- Documentación relativa aos novos investimentos que se van financiar co crédito dispoñible, segundo o establecido nas bases oitava e décimo segunda do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023, cuxo contido vincula ás presentes bases.

A modificación do destino das subvencións requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe da xefa do Servizo de Cooperación relativo á desistencia (total ou parcial) e, posteriormente, do cambio de finalidade.
- Informe favorable da Intervención provincial á desistencia (total ou parcial) e, posteriormente, do cambio de finalidade.
- Resolución presidencial pola que acepta a desistencia (total ou parcial) e se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para financiar os investimentos que pretenda acometer o concello. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- Resolución ou acordo, por razón do importe da nova ou novas concesións, do órgano competente da Deputación no que autorice o cambio de destino.

O crédito procedente dun cambio de finalidade débese comprometer na súa totalidade. Para isto, a petición do cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada acompañarase, en todo caso, das novas solicitudes de subvención da Liña 1, Investimentos, do exercicio 2023 que se pretenden financiar, xunto coa documentación sinalada na base décimo segunda do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023, segundo a tipoloxía do investimento.

Non se poderá acumular o crédito dos cambios de finalidade co crédito procedente das baixas.

- **A modificación da resolución ou do acordo de concesión, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada, estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:**



- Petición por parte do concello, que deberá xustificarse adecuadamente con base en novas necesidades ou na conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non lles deberán supoñer prexuízos a terceiras persoas e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida.

No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante á Liña 1, Investimentos, do exercicio 2023, e cumprir, para estes efectos, o establecido na base oitava das reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022-2023) e achegar a documentación prevista na base décimo segunda.

- Acordo do órgano competente do concello no que se aproben as variacións operadas na memoria global das actuacións.

A modificación da resolución ou do acordo de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe da xefa do Servizo de Cooperación.
- Informe favorable da Intervención provincial.
- Resolución ou acordo do órgano competente no que se autoriza a modificación do acordo ou da resolución de concesión.

Por último, todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación do procedemento de modificación das resolucións ou dos acordos de concesión deberán realizarse electronicamente a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Quinta. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios do programa de axudas para a activación do emprego 2023 (Liña 3), en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e, en particular, a:

1. Destinar o importe das subvencións outorgadas á contratación de persoas desempregadas para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais.
2. Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
3. Subministrar a información e a documentación que, en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles requira a institución provincial e no prazo establecido para o efecto.
4. Someterse ás actuacións de control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra.
5. Subscribir os contratos de acordo coa normativa laboral que resulta de aplicación e que cumpran cos requisitos e condicións consignados nestas bases.



6. Aboarles ás persoas contratadas os salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e asumir a diferenza entre a cantidade subvencionada e os custos salariais e de seguridade social totais, de aplicarse o convenio colectivo propio do concello.
7. Comunicarlle á Deputación as modificacións substantivas que afecten a realización da actividade que vaian desenvolver as persoas traballadoras contratadas, así como as renuncias e novos contratos polo tempo restante, co obxecto de que poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención.
8. Comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público estatal ou internacional.
9. Cumprir as obrigas de publicidade, que serán as seguintes:
 - a. Darlle a adecuada publicidade ao financiamento da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas.
 - b. Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión do seu logotipo nun lugar visible.
 - c. No caso das axudas concedidas no marco do programa para a activación do emprego, a publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación.

En todo caso, o concello beneficiario deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra ao abeiro deste programa, tanto nas comunicacións como nas publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas.

Se as persoas contratadas usan equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada, deberase incluír neles o logotipo da Deputación, ben mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que se colocará na parte superior e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito, e na parte do lombo cubrirá todo o ancho da parte superior.

No anexo II das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, cuxo contido vincula ás presentes bases, recóllense as instrucións para a rotulación de equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada.

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Sexta. Pagamento e xustificación da subvención

O pagamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

- O 80 % ao inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente.



Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos, e a categoría profesional.

- O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención provincial.

No prazo de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2023), e co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos subvencionados, a entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación xustificativa:

- Memoria final sobre as actividades realizadas e a práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
- Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
- Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada; os xustificantes correspondentes quedarán á disposición da Deputación para o seu exame. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100 % do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base quinta das específicas para este programa de axudas.

Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica. A este respecto, a Deputación poderá comprobar en calquera momento que se fixo a publicidade da subvención concedida nos termos previstos nestas bases e, de non ser así, non se procederá ao libramento desta.



A documentación xustificativa presentarse obrigatoriamente na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

O pagamento da subvención farase de acordo coa porcentaxe de subvención determinada na fase de concesión. No caso de que se xustifiquen gastos inferiores aos consignados na memoria que se tivo en conta para a concesión, o pagamento da subvención reducirase proporcionalmente. No caso de que o importe anticipado sexa superior ao xustificado, reintegrarase a cantidade que corresponda, de conformidade con estas bases nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

CAPÍTULO III. DISPOSICIÓNES ESPECÍFICAS DO PROGRAMA DESTINADO Á AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVICIOS MUNICIPAIS E/OU DERIVADO DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS, ETC., (LIÑA 2) 2023

Primeiro. Obxecto

Serán subvencionables as seguintes tipoloxías de gasto:

- Amortización do endebedamento con entidades financeiras.
- Pagamento de débedas a acredores de investimentos e de gasto corrente.
- Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos e contratos de consultoría.
- Gasto corrente derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos ou turísticos.

Amortización do endebedamento con entidades financeiras

Mediante esta liña de axudas, o concello poderá reducir o seu endebedamento coas entidades financeiras. Para isto deberá elaborar unha certificación onde se fagan constar a entidade financeira coa que se concertou o préstamo, o tipo de operación, a data de concertación, o importe, o prazo de amortización e o importe pendente de amortizar. Tamén se deberá certificar que a débeda que se pretende amortizar é a que ten as condicións máis gravosas para o concello en termos económicos.

Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e de investimentos

O concello deberá elaborar unha certificación das facturas que teñan entrada no seu Rexistro xeral ata o día 31 de decembro de 2022, este incluído, e que estean pendentes de pagamento no momento de elaborar a mencionada certificación. As facturas terán que estar conformadas.

No certificado deberán separarse as facturas que se lle imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se lle imputan ao capítulo VI, e para cada débeda indicaranse, entre outros datos, a data de entrada no Rexistro do concello, o resumo do concepto, a identificación da ou



do provedor ou acredor e o importe (IVE incluído). Relacionaranse e aboaranse segundo a orde de entrada no Rexistro do concello.

Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc.

No suposto de que o concello opte por esta liña de actuación, deberá elaborar unha proposta orientativa e valorada dos gastos correntes asociados ao funcionamento dos servizos públicos municipais no exercicio 2023.

Serán subvencionables, a través do programa de subvencións que regulan estas bases, os gastos correntes e de funcionamento derivados da realización das actuacións incluídas no capítulo II do orzamento de gastos. Poderían incluírse, entre outros:

- Os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida de lixo, iluminación pública, telefonía, combustibles, repostos de maquinaria, de utensilios e elementos de transporte, etc.
- Reparacións, mantemento e conservación da rede viaria municipal, parques públicos, infraestruturas, edificios e locais, maquinaria, etc.
- Gastos de funcionamento de conservatorios, escolas de música e escolas deportivas de titularidade municipal, agás gastos de persoal.
- Gastos derivados da prestación de servizos por parte dos grupos de emerxencias (GES), incluídos os gastos do seu funcionamento.
- Servizos externalizados derivados da contratación de servizos municipais con empresas externas.
- Contratos para a realización de proxectos, así como os contratos de consultoría.
- En xeral, todos aqueles gastos directamente asociados ao funcionamento dos servizos de competencia municipal.

Os contratos que fosen necesarios para a realización destes gastos, e en particular os derivados da prestación do servizo de iluminación pública, terán que axustarse aos procedementos regulados na lexislación de contratos. En todo caso, os gastos que teñan un importe igual ou superior a seis mil (6.000,00) euros deberán dispoñer do acordo ou do decreto de autorización e disposición do gasto. O incumprimento desta obriga será causa da perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

Poderanse incluír dentro desta liña os gastos derivados da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc., como:

- Os gastos que contribúan á divulgación da cultura e do desenvolvemento educativo e social das persoas do municipio, coma celebracións, exposicións, publicacións, certames, mostras, eventos musicais e teatrais, encontros, conferencias, festexos tradicionais, viaxes culturais, cursos de formación, actividades de promoción de hábitos saudables e de loita contra a violencia de xénero e calquera actividade cultural, social ou educativa semellante ás sinaladas.
- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento e á promoción do deporte municipal, coma competicións, campus deportivos, ligas e outros de natureza semellante.



- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento turístico do municipio e dos seus recursos, coma feiras, mostras, congresos, material gráfico, publicacións e festas de carácter singular que constitúan un instrumento de promoción turística.
- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento e á sensibilización ambiental das persoas do municipio.
- Calquera outro de natureza análoga aos definidos.

As actividades incluídas nesta liña deberán realizarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023, con independencia da data de emisión da factura, que poderá ser anterior á data de presentación da solicitude de subvención na Sede electrónica da Deputación.

As actividades poderá desenvolverlas directamente o concello ou contratarse externamente.

Os contratos que fosen necesarios para a realización das actividades deberán axustarse aos procedementos regulados na lexislación de contratos. En todo caso, os gastos que teñan un importe igual ou superior a seis mil (6.000,00) euros deberán dispoñer do acordo ou do decreto de autorización e disposición do gasto. O incumprimento desta obriga será causa da perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

O obxecto desta subliña é axudar ao sostemento do gasto corrente e a promoción e difusión cultural, deportiva turística, etc., a través do apoio á execución dos distintos programas que os concellos beneficiarios teñen previsto levar a cabo; por iso, a subvención con destino ao financiamento do gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e do gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc., debe solicitarse nun único expediente.

Segunda. Documentación

O concello interesado presentará a solicitude de subvención e a documentación que se refire deseguido segundo a tipoloxía do gasto.

Amortización da débeda con entidades financeiras

- Un certificado expedido pola ou polo funcionario público competente de acordo co anexo IV, no que se faga constar:
 - Que a cantidade que se solicita se corresponde cunha débeda pendente de amortizar. Indicaranse a entidade financeira e as demais características da operación de crédito ou préstamo cuxa débeda, total ou parcial, se pretende amortizar.
 - Que a débeda que se pretende amortizar é a que ten condicións máis gravosas para o concello en termos económicos (comisións, tipos de xuros, etc.) e, polo tanto, resulta máis vantaxoso amortizala primeiro.

Pagamento de acredores de gasto corrente e de investimentos



- Un certificado expedido pola ou polo funcionario público competente de acordo co anexo V, no que se faga constar:
 - A relación de facturas ou certificacións pendentes de pagamento, con data de entrada no Rexistro xeral do concello ata o 31 de decembro de 2022, este incluído, na que se indique a súa correcta identificación e se expresen a data de expedición e a de rexistro, o número, a identificación do acredor ou provedor, a imputación ao capítulo II ou VI do orzamento municipal, o resumo dos conceptos e o importe con IVE, no seu caso.
 - Que as facturas conformadas que se relacionan están pendentes de aboamento e que non existen a 31 de decembro de 2022 outros acredores ou provedores que teñan preferencia para o pagamento das súas débedas.
 - Que o aboamento das facturas conformadas se realizará por orde de entrada no Rexistro do concello.

Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, e/ou os derivados da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, etc.

- Proposta orientativa e valorada dos gastos e das actividades que se levarán a cabo no concello e que se pretenden financiar a través desta subliña entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023, con indicación expresa da cantidade total solicitada.

Cando se cubra a documentación, débense ter en conta as seguintes instrucións:

Os certificados asinaraos a secretaria ou o secretario do concello e a persoa que teña atribuída a representación legal ou delegada a competencia.

As declaracións, compromisos e outros documentos asinaraos a alcaldesa ou o alcalde ou a persoa en quen delegue.

A documentación deberá presentarse de forma electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a institución poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas achega a documentación presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

No caso de que o conxunto de documentos que se deben presentar de forma electrónica superase o tamaño máximo de 50 Mbytes admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación electrónica separada da solicitude a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



Terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

Cuarta. Modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións outorgadas no marco do programa para a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (Liña 2)

Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención, e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada ou pola modificación do contido sen variar a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada.

- **A modificación do destino das subvencións concedidas (cambio de finalidade ou liña) estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:**
 - Achega da petición e escrito no que se motiven as circunstancias que xustifican o cambio de finalidade.
 - Acordo do órgano competente do concello no que se resolva a desistencia (total ou parcial) e o cambio de destino.



- Documentación relativa ás novas actividades, débedas ou gastos correntes ou dos novos investimentos que se van financiar co crédito dispoñible segundo o establecido na base segunda das específicas deste capítulo.

En caso de que o crédito dispoñible por mor da desistencia se aplique ao financiamento de investimentos, incrementando para tal efecto a cantidade asignada para tal fin na Liña 1 do exercicio 2023, a documentación presentarase conforme ao establecido nas bases oitava e décimo segunda do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023, cuxo contido vincula ás presentes bases.

A modificación do destino das subvencións requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe da xefa do Servizo de Cooperación relativo á desistencia (total ou parcial) e, posteriormente, do cambio de finalidade.
- Informe favorable da Intervención provincial á desistencia (total ou parcial) e, posteriormente, do cambio de finalidade.
- Resolución presidencial pola que acepta a desistencia (total ou parcial) e se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para o financiamento das novas actuacións ou investimentos que pretenda acometer o concello. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- No caso dos investimentos, informe favorable de supervisión do proxecto, documento técnico ou análogo descritivo da actuación que se vai levar a cabo.
- Resolución ou acordo, por razón do importe da nova concesión, do órgano competente da Deputación no que autorice o cambio de destino.

O crédito procedente dun cambio de finalidade débese comprometer na súa totalidade. Para isto, a petición do cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada acompañarase, en todo caso, das novas solicitudes de subvención que se pretenden financiar segundo a tipoloxía do gasto ou do investimento.

Non se poderá acumular o crédito dos cambios de finalidade co crédito procedente das baixas.

- **A modificación da resolución ou do acordo de concesión, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada.**

Non será necesario solicitar a modificación do acto de concesión das subvencións outorgadas para gastos correntes e actividades cando as alteracións se produzan entre os conceptos incluídos na proposta orientativa e valorada, ao ter esta proposta carácter estimativo.

As eventualidades ou circunstancias que afectasen ao desenvolvemento da actividade ou gasto subvencionado comunicaranse e detallaranse na memoria descritiva e valorada dos gastos e das actividades realizadas que se presentará coa documentación xustificativa.



Non obstante, cando na xustificación da subvención se poña de manifesto que se produciron variacións nos conceptos incluídos na proposta orientativa que puideron alterar a natureza ou a finalidade, o órgano competente poderá aceptar a xustificación presentada mediante a resolución de aprobación da conta xustificativa.

Por último, todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación do procedemento de modificación das resolucións ou acordos de concesión deberán realizarse electrónicamente a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Quinta. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios do programa de axudas para a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc., (Liña 2), en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir co establecido no artigo 11 da LSG e, en particular, a:

1. Destinar o importe das subvencións ao cumprimento das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
2. Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
3. Subministrar a información e a documentación que, en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles requira a institución provincial e no prazo establecido para o efecto.
4. Someterse ás actuacións de control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra.
5. De ser necesario, efectuar a contratación dos gastos e das actividades programadas de acordo coa lexislación de contratos. En todo caso, os gastos que teñan un importe igual ou superior a seis mil (6.000,00) euros deberán dispoñer do acordo ou do decreto de autorización e disposición do gasto.
6. Comunicarlle á Deputación, no momento de achegar a documentación xustificativa, calquera eventualidade ou circunstancia que afecte ao desenvolvemento da finalidade subvencionada, co obxecto de que, de ser necesario, se poida modificar o contido da resolución ou do acordo de concesión e máis a xustificación dos correspondentes gastos.
7. Comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público estatal ou internacional.
8. Cumprir as obrigas de publicidade, que serán as seguintes:
 - a. Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas.
 - b. Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión do seu logotipo nun lugar visible.



- c. No caso das axudas concedidas no marco do programa para a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc., (Liña 2), a publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación.

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Sexta. Pagamento e xustificación da subvención

A documentación xustificativa presentárase obrigatoriamente na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

As actuacións subvencionadas deben xustificarse nos prazos que se sinalan deseguido segundo a natureza das distintas liñas de subvención.

Amortización de débeda con entidades financeiras, pagamento de acredores de gasto corrente e de investimentos: o prazo para efectuar o pagamento é dun (1) mes desde o cobramento da subvención e para presentar a documentación xustificativa: **ata o 30 de novembro de 2023.**

Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, así como o derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc.: **ata o 31 de marzo de 2024.**

O pagamento das subvencións efectuarase previa comprobación por parte dos servizos de Cooperación e Intervención de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado. O pagamento das subvencións farase de acordo coa porcentaxe de subvención determinada na fase de concesión. En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao orzamento que se tivo en conta para a concesión, o pagamento das subvencións reducirase proporcionalmente.

Amortización de débeda con entidades financeiras

A Deputación transferiralle ao concello a cantidade solicitada para esta finalidade unha vez aprobada a concesión da subvención. Para a súa xustificación achegarase:

- A certificación da persoa funcionaria competente que acredite o pagamento ou a amortización da débeda e a súa data.

Así mesmo, con carácter xeral, achegarase un certificado expedido pola funcionaria ou funcionario público competente no que se faga constar:

- Que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada.



En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.

- Que os correspondentes xustificantes do pagamento realizado constan no expediente administrativo e que están á disposición da Deputación para o seu exame se así o solicitase.
- Que, segundo se sinala no informe da técnica ou técnico municipal, se lle deu publicidade á subvención obtida, polo que se cumpriron as obrigas de difusión esixidas nas bases.

Só se terán en conta os pagamentos que se axusten aos mesmos conceptos que se incluíron na solicitude de subvención. Para estes efectos, o importe xustificado calcularase sumando exclusivamente a contía dos conceptos subvencionados, sen ter en conta outros pagamentos.

En caso de que o concello non xustifique a amortización da débeda coa entidade financeira, xustifique un importe inferior á cantidade transferida pola Deputación ou non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciárase o procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

Pagamento de acredores de gasto corrente e de investimentos

A Deputación transferiralle ao concello a cantidade solicitada para esta finalidade unha vez aprobada a concesión da subvención. Para a súa xustificación achegarase:

- Certificación da funcionaria ou funcionario público competente que acredite a aprobación do gasto e o pagamento realizado aos acredores ou provedores e na que tamén se acredite a data de pagamento.

Así mesmo, con carácter xeral, achegarase un certificado expedido pola ou polo funcionario público competente no que se faga constar:

- Que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
- Que os correspondentes xustificantes do pagamento realizado constan no expediente administrativo e que están á disposición da Deputación para o seu exame se así o solicitase.
- Que, segundo se sinala no informe da técnica ou técnico municipal, se lle deu publicidade á subvención obtida, polo que se cumpriron as obrigas de difusión esixidas nas bases.

Só se terán en conta os pagamentos que se axusten aos mesmos conceptos que se incluíron na solicitude de subvención. Para estes efectos, o importe xustificado calcularase sumando exclusivamente o importe dos conceptos subvencionados, sen ter en conta outros pagamentos.



En caso de que o concello non xustifique o pagamento das débedas, xustifique un importe menor á cantidade transferida pola Deputación ou non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciárase o procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, sociais, deportivos, etc.

No caso do gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluído aquel que se produza como consecuencia da realización ou organización de actos sociais, culturais, deportivos, etc., só procederá pagar a subvención despois de presentar a xustificación. Para a xustificación achegárase:

- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (coa identificación do acreedor e do documento, do importe, da data de emisión e, se é posible, da data na que se pagou).
- Memoria descritiva e detallada dos gastos e/ou das actividades realizadas.
- Facturas que deberán cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e de modo particular o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.
- A certificación do acordo ou o acordo de aprobación das facturas polo órgano competente do concello.
- No caso dos gastos iguais ou superiores a seis mil (6.000,00) euros, a certificación do acordo ou o acordo de autorización e disposición do gasto.

Así mesmo, presentarase un certificado expedido pola ou polo funcionario público competente no que se faga constar:

- Que os xustificantes de gasto relacionados na conta xustificativa se corresponden cos gastos que figuran na proposta orientativa e valorada dos gastos e das actividades e que se procedeu ao recoñecemento da obriga de gasto correspondente, polo que se cumpriu a finalidade para a que se concedeu a subvención.
- Que os correspondentes xustificantes de gasto constan no expediente administrativo e que están á disposición da Deputación para o seu exame se así o solicitase.
- Que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada. En caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
- Que, segundo se sinala no informe da técnica ou técnico municipal, se lle deu difusión á subvención obtida, polo que se cumpriron as obrigas de difusión esixidas nas bases.

A xustificación deberá axustarse aos gastos e ás actividades que se incluíron na proposta orientativa e valorada que serviu de referencia para a concesión da subvención. O concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución das programacións das actividades e/ou do gasto.

En caso de que se xustifique un custo total menor ao contemplado na proposta orientativa e valorada, o pagamento da subvención minorárase proporcionalmente”.



2.- Ordenar a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra (BOPPO), na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal> e na Base Nacional de Subvencións (BDNS), para o seu público coñecemento.

6.7877.- **APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES POLO QUE SE REGULA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E INSPECCIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS (EXPTE. 2022008467)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ao sexto punto da orde do día. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación e os concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos. Ten a palabra o Sr. Mosquera para a súa explicación.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sra. Presidenta. Bos días outra vez. Hai unha máxima que parece que, vamos, está estendida neste estado que é que as leis ambientais parece que están para non cumprirse, as demais si, pero as ambientais parece que non. E resulta, digo que está tan estendido que parece como xa algo natural, ¿non?, hai uns obxectivos de separación, de reciclaxe, etc., que están fixados hai anos e que quitando honrosas excepcións ninguén parece que se de por preocupado de que teña que tomalos en serio. En particular, dentro desta, desta, vamos, dos residuos, que por certo é un asunto complicado, pero moitísimo menos, por exemplo, co das augas e o do saneamento, e aí avanza moitísimo e neste francamente avanza relativamente pouco. Ben, pois dentro de estas liñas que veñen aí, que tiñan que estar xa en funcionamento, pois está o da vixilancia e inspección dos, da xestión dos residuos. Está fixado xa na Lei 22/2011, pero a máis abundamento a Lei 6/2021 da Xunta de Galicia, ou sea, a Lei aprobada polo, senón me falla a memoria, só polo Partido Popular, aprobada polo Partido Popular no Parlamento de Galicia, volve a reiteralo e agora a Lei 7/2022, do Estado, pois volve a afinala e reiterala. Polo tanto, e leo “como competencias das entidades locais, en particular corresponde ós concellos o exercicio de potestade e vixilancia e inspección e a potestade sancionadora no ámbito da súa competencia”. Ben, e a Deputación, ao ser un servizo propio ao ser unha competencia propia, a Deputación de Pontevedra pon, puxo a



disposición dos concellos a posibilidade de que esa inspección a fixera a Deputación nunhas condicións moi, moi favorabeis para os concellos, os concellos de menos de 50.000 habitantes. Abreuse ese proceso, ó final, que é o que vén hoxe a pleno, adheríronse 12 concellos, cunha poboación de 230 mil habitantes, había o condicionante que si baixabamos de 60.000 iba ser difícil, son, xa digo, 123 mil habitantes, e ten que este pleno aceptar esa encomenda de xestión que xa os plenos da mancomunidade ou dos concellos xa o fixeron, xa fixeron ese acordo, asinar o convenio e paralelamente dentro do orzamento, que supoño que vostedes sabrán, xa ía, vamos o dotar deses inspectores, co cuál en canto este aprobado o orzamento definitivamente pois falaremos de principios do ano que vén, pa final de este ano non vai ser, porque hai que facer o proceso selectivo, pero agardo que para principio do ano que vén, xaneiro, febreiro, estea esa inspección en marcha e poidamos, poidamos avanzar no, vamos na consecución dos obxectivos ambientais na xestión de residuos que nos obriga a lei e creo que un mínimo de sensibilidade co planeta que habitamos, ¿non? Repito, é dicir, esto creo que é complicado porque todo é complicado, pero relativamente máis fácil, por exemplo, co das augas ou que outras, vamos, outros ámbitos e demais, e temos o antecedente que, por exemplo, que a Xunta dende que votou andar, non só a Xunta senón todas as Comunidades Autónomas, votou a andar a inspección para, digamos, as actividades económicas realmente funcionou, funcionou e moitísimo, é dicir, agora todos vemos que non hai pois cuncha tirada por aí, ou rodas ou o que sexa, que chegouse a eso cando funcionou a inspección. Cando empece a funcionar a inspección aquí, que será pronto, e, bueno, co tempo eu agardo que se note moitísimo nos resultados que vaian conseguindo os concellos e evitando, adiantándose o que vai vir, que van a vir sancións, van vir sancións para a Comunidade Autónoma e para os concellos seguro, tardarán máis ou menos e despois botaremos as mans á cabeza. Nós adiantámonos, é un proceso aberto, é dicir, que os concellos que queiran adherirse a futuro poden adherirse sin ningún problema, e bueno, agardemos que sea un avance.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Non hai máis intervencións polo que someto o punto 6, aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación e os concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobado por 16 votos a favor e 11 abstencións.



A nova normativa en materia de residuos (Lei 7/2022, do 8 de abril, de Residuos e Solos contaminados para unha economía circular), supón un cambio substancial na tradicional visión que se tiña do tratamento dos residuos con importantes esixencias para os concellos.

Unha das máis relevantes é a de acadar unha serie de obxectivos de separación e preparación para a reciclaxe de alta calidade, debendo para iso os concellos establecer a recollida separada de, polo menos, as seguintes fraccións de residuos de competencia local:

- a) O papel, os metais, o plástico e o vidro.
- b) Os biorresiduos de orixe doméstica antes do 30 de xuño de 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto. Entenderase tamén como recollida separada de biorresiduos a separación e reciclado en orixe mediante compostaxe doméstica ou comunitaria.
- c) Os residuos téxtiles antes do 31 de decembro de 2024.
- d) Os aceites de cociña usados antes do 31 de decembro de 2024.
- e) Os residuos domésticos perigosos antes do 31 de decembro de 2024, para garantir que non contaminen outros fluxos de residuos de competencia local.
- f) Os residuos voluminosos (residuos de mobles e aveños) antes do 31 de decembro de 2024.
- g) Outras fraccións de residuos determinadas regulamentariamente.

Sen prexuízo do que regulamentariamente se estableza en canto á porcentaxe máxima de impropios presente en cada unha das fraccións anteriores para a súa consideración como recollida separada, no caso dos biorresiduos a Lei sinala que a porcentaxe máxima de impropios será do 20% desde 2022 e do 15% desde 2027, porcentaxe susceptible de minoración por orde ministerial.

A superación de devanditas porcentaxes de impropios e o incumprimento da obriga de establecemento de recollida separada para as fraccións de residuos mencionadas, terá o carácter de infracción administrativa grave sancionable polas Comunidades Autónomas (artigo 25.4, en relación co artigo 108.3.w da citada Lei).



Para evitar posibles sancións as entidades locais deberán establecer mecanismos de control, mediante caracterizacións periódicas e redución de impropios para cada fluxo de recollida separada (artigo 25.4 da Lei 7/2022, do 8 de abril).

O artigo 12 da Lei 7/2022, do 8 de abril, establece que no ámbito das súas competencias corresponde ás entidades locais exercer a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora; e o artigo 106.6 do citado texto normativo dispón que os produtores de residuos domésticos e comerciais estarán suxeitos ás inspeccións por parte das entidades locais, aos efectos de comprobar o cumprimento do establecido nas respectivas ordenanzas e nesta lei e os seus regulamentos de desenvolvemento, para o cal as autoridades competentes deberán dotarse dos medios humanos e materiais suficientes para dar cumprimento ás obrigas relativas á autorización, vixilancia, inspección, sanción e información (...).

Consciente da inxente carga de traballo que esas obrigas traerán consigo e da escaseza de medios materiais e de persoal municipal que poida asumila, a Deputación de Pontevedra está en disposición de crear un corpo de vixilancia, inspección e control en materia de residuos e asumir a xestión desta actividade, previa encomenda dos Concellos articulada a través dun Convenio de cooperación.

Unha vez trasladada a proposta de Convenio aos Concellos que inicialmente mostraron o seu interese nesta iniciativa, a día de hoxe aprobaron a encomenda de xestión a favor da Deputación de Pontevedra para levar o servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos municipais ás seguintes Entidades Locais: A Cañiza, A Guarda, As Neves, Barro, Meis, O Rosal, Salceda de Caselas, Silleda, Tomiño e a Mancomunidade de Concellos do Morrazo (Cangas, Bueu, Moaña), cunha poboación total de 123.685 habitantes.

En relación ao impacto económico da encomenda, de acordo co estudo de custos que figura no expediente administrativo da súa razón, os gastos anuais asociados á posta en marcha do servizo para estas entidades locais ascenden a **369.220,14 euros**, contemplándose inicialmente unha ratio de un/ha vixilante de residuos por cada 20.000 habitantes. As funcións de vixilancia serán levadas a cabo polo persoal funcionario de carreira da Deputación Provincial de Pontevedra que supere o proceso selectivo convocado a tal efecto (reclasificación, concurso-oposición, promoción interna).



Conforme á cláusula quinta do Convenio, para salvagardar a eficacia e a eficiencia na prestación do servizo, a cantidade económica que deben abonar os concellos axustarase ao baremo que resulte de multiplicar tres euros (3 €) polo número de habitantes do concello, cantidade que poderá ser obxecto de actualización no caso de incremento do custo do servizo e/ou de circunstancias excepcionais ou de forza maior que desvirtúen substancialmente o Convenio e fagan inviables as súas previsións económico-financeiras.

Tendo en conta que o Convenio contempla unha serie de bonificacións de carácter xeral e específico e que os 12 concellos se adheriron ao servizo de inspección antes do 31 de xullo de 2022, durante o ano 2023 a súa achega acadará o 30% dos custes do servizo, o que supón unha estimación de ingresos de 111.316,50 €.

O importe restante, ata a cobertura do custe estimado da encomenda (369.220,14€), será financiado pola Deputación de Pontevedra (257.903,64 euros).

Cuestións de viabilidade económica da prestación do servizo aconsellan que o Convenio teña unha duración inicial de seis anos, contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo ser prorrogado por outro período de catro anos adicionais.

Esta iniciativa provincial enmarcase no ámbito competencial que a lexislación vixente en materia de réxime local lles encomenda ás deputacións, xa que segundo o disposto no artigo 36.2.d) da LBRL estas teñen a competencia propia de dar soporte aos concellos na tramitación de procedementos administrativos e na realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.

O artigo 11 da LRXSP establece que a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades de dereito público da mesma ou de distinta administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño; encomenda que non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do



seu exercicio, sendo responsabilidade da entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

Dito artigo contempla igualmente que cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e entidades de dereito público de distintas administracións, formalizárase mediante a sinatura do correspondente convenio que deberá publicarse, neste caso, no Boletín Oficial da Provincia.

Como corolario do anterior, os artigos 144 da LRXSP e 198 da LALGA contemplan a posibilidade de que a Deputación subscriba convenios de cooperación cos concellos para a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, así como para garantir o acceso á poboación ao conxunto dos servizos municipais e maior eficacia na prestación destes.

Vistos os informes do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de datas 6 e 17 de outubro de 2022 (CSV 5O01TIGJP075YRLE e CDOE359Z7A4DF73K, respectivamente), que contan co conforme do Secretario Xeral.

Visto o informe favorable da Intervención Xeral, de data 14 de outubro de 2022 (CSV:UNTIB3M7WAG0P1RY).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social adoptado na sesión celebrada o 21 de outubro de 2022.

Por todo o exposto, de conformidade co disposto no artigo 47.2.h) da LBRL, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP:

Primeiro. Aprobar o Convenio de cooperación entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos, cuxo tenor literal é o seguinte:

“CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES POLO QUE SE REGULA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E INSPECCIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS.



En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, quen actúa en nome e presentación da Administración Provincial en virtude das competencias atribuídas polo artigo 34 da LRBRL, o artigo 105 da LALGA e o artigo 61 do ROF.

Doutra parte, D./Dona _____, quen actúa no nome e na representación do Concello de XXXX, en virtude da súa condición de alcalde/sa da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do ROF.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

Primeiro. A nova normativa en materia de residuos (Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos e Solos Contaminados para unha Economía Circular), supón un cambio substancial na tradicional visión que se tiña do tratamento dos residuos, con importantes esixencias para os Concellos.

Unha das máis relevantes é a de acadar unha serie de obxectivos de separación e preparación para a reciclaxe de alta calidade, debendo para iso os Concellos establecer a recollida separada de, polo menos, as seguintes fraccións de residuos de competencia local:

- a) O papel, os metais, o plástico e o vidro.
- b) Os biorresiduos de orixe doméstica antes do 30 de xuño de 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto. Entenderase tamén como recollida separada de biorresiduos a separación e reciclado en orixe mediante compostaxe doméstica ou comunitaria.
- c) Os residuos téxtiles antes do 31 de decembro de 2024.
- d) Os aceites de cociña usados antes do 31 de decembro de 2024.
- e) Os residuos domésticos perigosos antes do 31 de decembro de 2024, para garantir que non contaminen outros fluxos de residuos de competencia local.
- f) Os residuos voluminosos (residuos de mobles e aveños) antes do 31 de decembro de 2024, e
- g) Outras fraccións de residuos determinadas regulamentariamente.



Sen prexuízo do que regulamentariamente se estableza en canto á porcentaxe máxima de impropios presente en cada unha das fraccións anteriores para a súa consideración como recollida separada, no caso dos biorresiduos a Lei sinala que a porcentaxe máxima de impropios será do 20% desde 2022 e do 15% desde 2027, porcentaxe susceptible de minoración por orde ministerial.

A superación de devanditos porcentaxes de impropios e o incumprimento da obriga de establecemento de recollida separada para as fraccións de residuos mencionadas, terá o carácter de infracción administrativa grave sancionable polas Comunidades Autónomas (artigo 25.4, en relación co artigo 108.3.w da citada Lei).

Para evitar posibles sancións, as entidades locais deberán establecer mecanismos de control, mediante caracterizacións periódicas, e redución de impropios para cada fluxo de recollida separada (artigo 25.4 da Lei 7/2022, do 8 de abril).

Segundo. En relación co anterior, o artigo 12 da Lei 7/2022, do 8 de abril, establece que no ámbito das súas competencias corresponde ás entidades locais exercer a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora; e o artigo 106.6 do citado texto normativo dispón que os produtores de residuos domésticos e comerciais estarán suxeitos ás inspeccións por parte das entidades locais, aos efectos de comprobar o cumprimento do establecido nas respectivas ordenanzas e nesta lei e os seus regulamentos de desenvolvemento, para o cal as autoridades competentes deberán dotarse dos medios humanos e materiais suficientes para dar cumprimento ás obrigas relativas á autorización, vixilancia, inspección, sanción e información.

Estas funcións de inspección deberán ser levadas a cabo por persoal funcionario debidamente recoñecido conforme ás normas que lles sexan de aplicación, que terán a consideración de axentes da autoridade e os feitos constatados por eles formalizados en acta gozarán da presunción de certeza a efectos probatorios.

As autoridades competentes designarán os laboratorios de referencia para a análise e caracterización dos produtos e os residuos ao efecto de dar cumprimento ás obrigas de vixilancia, inspección e control.

Conforme ao artigo 108 da Lei 7/2022 se considerará infracción leve a entrega dos residuos domésticos e comerciais non perigosos -por parte do produtor inicial ou outro posuidor de residuos domésticos- contravindo o establecido nas ordenanzas das entidades locais, sendo nese caso competencia do Concello o exercicio da potestade sancionadora (artigo 111.3 Lei 7/2022).

Terceiro. Por iso, consciente da inxente carga de traballo que esas obrigas traerán consigo e da escaseza de medios materiais e de persoal municipal que poida asumila, a Deputación de Pontevedra está en disposición de crear un corpo de vixilancia, inspección e control en materia de residuos e asumir a xestión desta actividade previa encomenda do Concello.



O artigo 36.2.d) da LBRL atribúe ás Deputacións a competencia propia de dar soporte aos concellos na tramitación de procedementos administrativos e na realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.

Pola súa parte, o artigo 31 da LRBRL sinala que son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal para o cal poderá coordinalos para conseguir unha maior eficacia e economía na súa prestación mediante o emprego de calquera fórmulas de asistencia e cooperación municipal.

O artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), establece que a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades de dereito público da mesma ou de distinta administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño; encomenda que non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade da entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

Dito artigo contempla igualmente que cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e entidades de dereito público de distintas administracións, formalizárase mediante a sinatura do correspondente convenio que deberá publicarse, neste caso, no Boletín Oficial da Provincia.

Como corolario do anterior, os artigos 144 da LRXSP e o artigo 198 da LALGA, contemplan a posibilidade de que a Deputación subscriba convenios de cooperación cos Concellos para a prestación de medios materiais, económicos ou persoais así como para garantir o acceso á poboación ao conxunto dos servizos municipais e maior eficacia na prestación destes.

Por todo o exposto, tendo en conta o principio de liberdade de pactos que rexe as actuacións administrativas, e de conformidade co disposto no artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que “Las Administraciones Públicas podrán celebrar acuerdos, pactos, convenios o contratos con personas tanto de derecho público como privado, siempre que no sean contrarios al Ordenamiento Jurídico ni versen sobre materias no susceptibles de transacción y tengan por objeto satisfacer el interés público que tienen encomendado, con el alcance, efectos y régimen jurídico específico que, en su caso, prevea la disposición que lo regule (...)”, as partes, de común acordo, asinan o presente convenio que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do Convenio



O obxecto do presente Convenio é regular as condicións nas que se desenvolverá a encomenda da xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos municipais realizada por parte do Concello de XXXX a favor da Deputación Provincial de Pontevedra.

Segunda. Obrigas do Concello

No ámbito xeral da prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos e no marco da presente encomenda, o Concello asume as seguintes obrigas:

- Ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.
- Aportar os datos e documentación necesarios para elaborar un protocolo de vixilancia e inspección ambiental na xestión de residuos.
- Facilitar a debida toma de mostras nos lugares que desenvolvan actividades susceptibles de inspección e o acceso ás instalacións.
- Abonar á Deputación Provincial de Pontevedra unha contra-prestación económica pola realización do servizo obxecto de encomenda, nos termos reflectidos na cláusula quinta.
- Por a disposición do servizo de inspección, cando así sexa preciso, os efectivos da Policía Local necesarios para garantir a súa correcta prestación.
- Aprobar unha Ordenanza de servizo conforme ás directrices emitidas polo persoal técnico provincial adscrito ao Revitaliza.
- Tramitar os expedientes sancionadores que se poidan derivar das inspeccións realizadas e, no seu caso, adoitar as medidas provisionais que sexan oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

Terceira. Obrigas da Deputación de Pontevedra

- Asumir a xestión do servizo encomendado nos termos previstos no presente convenio, que desenvolverá mediante a forma que libremente elixa de entre as contempladas polo artigo 85 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, con pleno respecto ao establecido na normativa de aplicación.
- Facilitar de forma permanente ao Concello a información xeral que resulte necesaria para o seguimento do servizo encomendado e, en concreto:
 - Remitir ao Concello os estudos e/ou informes técnicos que elabore de oficio ou se soliciten por aquel, en relación coa prestación do servizo.
 - Comunicar de forma inmediata ao Concello calquera incidencia que se produza no servizo encomendado.



- Velar en todo momento polo cumprimento das normativas sanitarias e medioambientais que sexan de aplicación á prestación do servizo obxecto da encomenda. Para iso, realizaranse as inspeccións periódicas que se estimen necesarias conforme ao establecido no Plan de actuacións aprobado a tal efecto, entre outros, nos seguintes ámbitos:
 - Sobre os produtores de residuos domésticos.
 - Sobre os produtores de residuos comerciais.
 - Sobre calquera persoa física ou xurídica con actividade produtora de residuos de competencia da Entidade Local.
- Informar e asesorar ao Concello sobre a aplicación da normativa sectorial en materia de residuos vixente en cada momento.
- Elaborar propostas de actos/disposicións de carácter administrativo relativos ao funcionamento do servizo.
- Elaborar e aprobar un Plan de carácter bianual no que se determinarán os criterios obxectivos polos que se guiará a actuación do servizo de inspección de residuos coa finalidade de garantir a súa obxectividade e imparcialidade.

Cuarta. Funcións do persoal inspector

Para asegurar a correcta xestión dos residuos municipais, o persoal provincial efectuará inspeccións periódicas naqueles establecementos, entidades ou empresas nas que se xeren residuos, comprobando que se entregan axeitadamente a xestores autorizados ou ao sistema do Concello ao que estean adheridos, aos efectos de comprobar o cumprimento do establecido nas respectivas ordenanzas e demais normativa vixente de aplicación.

Así mesmo, poderán realizar inspeccións naqueles establecementos, entidades ou empresas nas que se leven a cabo operacións de clasificación, almacenamento e tratamento de residuos de competencia da Entidade Local, de acordo co réxime xurídico establecido na lexislación de residuos e solos contaminados.

Estas inspeccións terán como obxectivo identificar posibles incumprimentos e riscos ambientais asociados ás actividades de produción ou xestión de residuos; recabar datos que permitan valorar a situación dos establecementos, entidades e empresas inspeccionadas; e propor ao órgano encomendante medidas incluídas na lexislación vixente en cada momento.

O corpo de inspección provincial, composto por funcionarios/as que terán a condición de axente da autoridade, estará facultado para levar a cabo, entre outras, as seguintes actuacións:

1. Acceder, identificándose previamente e sen necesidade de preaviso, ás instalacións e lugares nos que se desenvolvan as actividades reguladas pola normativa sectorial en materia de residuos vixente en cada momento, salvo naqueles que teñan a condición de domicilio ou para aqueles cuxa entrada sexa necesaria o consentimento da persoa titular ou autorización xudicial.



2. Realizar cantos exames, controis, toma de mostras e recollida de información, incluída a gravación de imaxes que resulten necesaria para o exercicio das labores de vixilancia e inspección encomendadas.
3. Elaborar actas observando os requisitos legais correspondentes nas que se recollan os feitos constatados.
4. O persoal inspector poderá ir acompañado de persoal de asesoramento técnico. Este persoal estará obrigado a gardar segredo respecto dos datos e información aos que teña acceso no exercicio das súas funcións.

O resultado das inspeccións poderá dar lugar á elaboración de recomendacións e/ou instrucións de boas prácticas para corrixir as deficiencias detectadas ou, no seu caso, á tramitación do correspondente expediente sancionador por parte do órgano encomendante no que se adoptará a resolución que proceda en Dereito.

As funcións de vixilancia, inspección e control se poderán levar a cabo co apoio de entidades colaboradoras debidamente recoñecidas conforme ás normas que lle sexan de aplicación, sen que iso supoña a substitución da administración no exercicio completo das súas funcións.

Quinta. Réxime económico da encomenda e bonificacións

1ª Para salvagardar a eficacia e a eficiencia na prestación do servizo, a cantidade económica que debe pagar o concello axustarase ao seguinte baremo:

Deberase aboar a cantidade anual que resulte de multiplicar tres euros (3 €) polo número de habitantes do concello, segundo a última revisión do Padrón municipal publicado polo Instituto Nacional de Estatística con referencia á poboación ao 1 de xaneiro de cada ano, cantidade que poderá ser obxecto de actualización no caso de incremento do custo do servizo e/ou de circunstancias excepcionais ou de forza maior que desvirtúen substancialmente o Convenio e fagan inviables as súas previsións económico-financeiras.

Este aboamento farase efectivo de forma anual a requirimento da Deputación de Pontevedra antes do 31 de decembro de cada ano.

2ª A achega municipal terá o carácter de ingreso de dereito público. Os concellos facultan á Deputación de Pontevedra para aplicar a compensación como forma de extinción de débeda, nos casos de incumprimento ou demora, con cargo a calquera cantidade a pagar pola Deputación e/ou ós recursos municipais cuxa xestión recadatoria lle fose efectivamente delegada á entidade provincial.

3ª Sobre as cantidades a abonar por parte do Concello, e sen prexuízo do ano de inicio do servizo, aplicaranse as seguintes bonificacións:

De carácter xeral:

Exercicio 2022: do 100%

Exercicio 2023: do 60%



Exercicios 2024 e posteriores: do 25%

Específicas:

Por sumarse ao servizo de inspección antes do 31 de xullo de 2022:

10% máis de bonificación (70% no 2023 e 35% no 2024 e ss.)

Por acadar os obxectivos fixados na normativa en canto a preparación para a reutilización e reciclaxe: 15% máis de bonificación, revisable anualmente.

Polo avance nos obxectivos: igual porcentaxe de bonificación que de avance, revisable anualmente.

Todas as bonificacións son acumulativas.

Sexta. Vixencia do convenio

O presente convenio terá unha vixencia de SEIS (6) ANOS, contados a partir da súa publicación no BOPPO, e será prorrogable por outro período de CATRO (4) anos adicionais.

Ao obxecto de garantir unha mínima viabilidade económica e organizativa do servizo, a renuncia por parte do Concello antes do vencemento do prazo de vixencia conlevará a obriga de reintegro das cantidades subvencionadas, actualizadas conforme ao IPC vixente nese momento.

Sétima. Extinción e efectos

O presente Convenio extinguirase:

- Por mutuo acordo das partes.
- Polo vencemento do prazo de vixencia sen acordarse a prórroga do mesmo.
- Por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte que incumpre un requirimento para que cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

A resolución do convenio por esta causa conlevará o abono dunha indemnización polos prexuízos causados que, no caso da Deputación, se calculará conforme aos criterios de valoración que rexen as normas de responsabilidade patrimonial; de ser o



Concello o causante do incumprimento, a indemnización será a establecida na cláusula sexta.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distintas das anteriores prevista nas leis.

Oitava. Comisión de seguimento

1.- Para avaliar o desenvolvemento do presente convenio de colaboración, de natureza administrativa, constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante, actuando como Presidente da mesma un dos representantes da Deputación. Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

2.- A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano; ostentará a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

Novena. Réxime xurídico do convenio e xurisdición competente

O presente convenio ten natureza administrativa e para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do mesmo estarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. A xurisdición contencioso-administrativa é competente para coñecer en única instancia dos recursos que se deduzan en relación co presente convenio, de conformidade co disposto no artigo 8.1 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décima. Protección de datos

A Deputación Provincial de Pontevedra terá a condición de encargado do tratamento de datos de carácter persoal aos que se poida ter acceso en execución da presente encomenda de xestión, coa finalidade única e exclusiva das actividades previstas no presente convenio, séndolle de aplicación o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.”

Segundo. Aceptar as encomendas de xestión realizadas a favor da Deputación de Pontevedra para levar a cabo o servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos municipais por parte das seguintes Entidades Locais: A Cañiza, A Guarda, As Neves, Barro, Meis, O Rosal, Salceda de Caselas, Silleda, Tomiño e a Mancomunidade de Concellos do Morrazo (Bueu, Cangas, Moaña).

Terceiro. Facultar á Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización do mencionado convenio mediante a súa sinatura e para a aprobación de cantos outros documentos garden relación co mesmo.



7.7878.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE MOAÑA DO TREITO INICIAL DA EP-1101 MOAÑA-VERDUCEDO, DO PQ 0+000 AO PQ 0+260 (EXPTE. 2020018903)**

Sra. Presidenta.- No punto 7. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Moaña do treito inicial da estrada provincial Moaña-Verducedo. Non hai ningunha intervención, polo tanto o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

“Antecedentes

O Concello de Moaña e a Deputación de Pontevedra asinaron o 23 de xuño de 2020 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto de recuperación do espazo público e mellora da mobilidade peonil entre os pp.qq. 1+200 e 1+780 da EP-1104 Moaña – Coiro.

Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao Concello do treito urbano de 260 metros da estrada provincial EP-1101 Moaña – Verducedo, dende a rúa das Barxas ata o cruce coa rúa Rosalía de Castro (PQ 0+000 ao PQ 0+260).

O 20 de xullo de 2022 o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informou favorablemente o cambio de titularidade do concello do treito urbano de 260 metros da estrada provincial EP-1101 Moaña – Verducedo, dende a rúa das Barxas ata o cruce coa rúa Rosalía de Castro (PQ 0+000 ao PQ 0+260), a prol do Concello de Moaña.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).



- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Motivación

O 20 de xullo de 2022 o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, informou favorablemente o cambio de titularidade a favor do concello e estimou o valor patrimonial da vía obxecto da presente proposta de cambio de titularidade en 920.833,00 €.

No informe emitido motívase o cambio de titularidade dando cumprimento ao establecido nos artigos 9.5, in fine da LEG e derradeiro parágrafo do artigo 18.2 do RXEG. Así, sinalase que “O treito inicial da estrada provincial EP-1101 Moaña – Verducedo, do PQ 0+000 ao PQ 0+260, discorre por solo clasificado polo planeamento urbanístico de Moaña como solo urbano, ademais, este treito está situado nun entorno de carácter e funcionalidade urbana que conta con edificios en altura de vivenda colectiva e baixos comerciais, beirarrúas, bandas laterais de aparcamento, alumeadado público e o resto de servizos urbanísticos, polo tanto, trátase dun treito de viario que na actualidade conta cunhas características funcionais, de servizo e de utilidade equivalentes ás propias dos viarios ou rúas municipais”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento

Trátase da modificación na titularidade dun treito urbano de 260 metros de lonxitude, mantendo a cualificación de dominio público.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.



A formalización realizarase mediante acta de entrega subscrita polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De ser o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Moaña do treito urbano de 260 metros da estrada provincial EP-1101 Moaña – Verducedo, dende a rúa das Barxas ata o cruce coa rúa Rosalía de Castro (PQ 0+000 ao PQ 0+260).

Dito viario incorporase á relación de estradas de titularidade do Concello de Moaña tal e como sinala o artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.



Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e 18 e seguintes do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello e a Deputación”.

8.7879.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE REXEITAMENTO AOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO 2023 (EXPTE.- 2022064120)**

Sra. Presidenta.- No punto 8 da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular de rexeitamento dos Orzamentos Xerais do Estado 2023. Ten a palabra a Sra. Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Muchas gracias Presidenta, buenos días a todos. Los presupuestos generales del Estado son, o mejor dicho deberían de ser el instrumento político económico más importante del gobierno y es que de ellos depende la evolución y el cambio de un país. Pero nos encontramos nuevamente con unos presupuestos generales que en lugar de atender al interés general del Estado y de los ciudadanos atienden a los intereses políticos y particulares del gobierno, bueno, mejor dicho a los intereses políticos y particulares de un señor con nombre y apellidos que es Pedro Sánchez, siendo su nota definitoria un gasto público desmesurado e indecente. Unos presupuestos generales que tanto el Banco de España como el Fondo Monetario Internacional y la AIREf han puesto entre dicho calificándolos de poco realistas, tardaron menos de 24 horas en enmendarlos, los consideran unas cuentas irrealistas, y es que, como ya hemos dicho, responden a una sola premisa, a un único objetivo que es el mantenimiento del Sr. Sánchez en la Moncloa, la conservación de 22 ministerios a costa de hipotecar a España y a los españoles sin pudor y de beneficiar a sus socios independentistas. Sr. López Font, usted decía antes que eramos inútiles políticamente para el bien común y yo le pregunto ¿qué utilidad tiene su partido para el bien común interés general de España con estos presupuestos que presentan? Unos presupuestos que como ya he dicho obedecen a intereses políticos y particulares, si bien dado el ámbito institucional en el que nos encontramos, que es la Diputación de Pontevedra, y toda vez que estamos aquí



para defender los intereses de nuestra provincia y de nuestros vecinos, algo que parece que todos ustedes han olvidado, ustedes sabrán por qué y ahora lo van a entender, paso a centrarme en el análisis de lo que esos presupuestos suponen para Galicia y para nuestra provincia. Son unos presupuestos total y absolutamente decepcionantes para nuestra Comunidad Autónoma, y también para nuestra provincia Pontevedra, que ponen sobre la mesa, como ya he dicho, las verdaderas prioridades del Sr. Pedro Sánchez y de su gobierno socialista. Mientras que esos presupuestos suponen un incremento medio en España de un 7,6% respecto al anterior, en Galicia se congelan. De los 13 millones de euros que se destinan, de los 13 mil millones de euros, perdón, que se destinan para las comunidades autónomas en esta partida, 2.308 son para Cataluña, los socios preferentes del Gobierno de España, tan preferentes que están dispuestos a modificar el código penal, en concreto el delito de sedición, para mantenerse en Moncloa, esto es un escándalo en estado puro; 1.077 millones de euros para Galicia menos de la mitad de lo que se destina para Cataluña. Unos presupuestos que son más de lo mismo, un corta y pega de los ejercicios anteriores, son presupuestos del todo, todo, menos expansivos para Galicia, expansivos lo son para los gastos de asesores a dedo del Sr. Pedro Sánchez. Una Galicia y una Pontevedra que se ven discriminada en relación a otras comunidades autónomas de las que curiosamente es de las que depende el mantenimiento en Moncloa del actual gobierno. Así, del presupuesto territorializado a Galicia se destina tan sólo un 8% frente al más del 17% que se destina a Cataluña, uno de los más bajos de los últimos 15 años, unos presupuestos que reducen al más absoluto ostracismo a nuestra provincia; y es que de estos 1.077 millones de euros para Galicia, Pontevedra recibirá el 19,6% de esa inversión, que no es tal inversión sinó que lo es ficticia, porque estamos hablando de cortas, pegas, de partidas que fueron su gobierno incapaces de ejecutar en los años anteriores, eso si seguimos manteniendo los 22 ministerios. Y les explico más de lo que sucede en Pontevedra, destinan una bochornosa cantidad de 300 mil euros para el edificio de Hacienda ¿Qué sucede con el nudo de bomberos? Una auténtica vergüenza. ¿Qué sucede con el paseo Marín-Pontevedra? ¿Qué sucede con el corredor atlántico?, que han apostado y siguen apostando por el corredor mediterráneo; qué decir del eje atlántico Vigo-Portugal, de la salida Sur; y que decir de las autovías Vigo-Porriño, inversiones 0, el resto partidas que ustedes no fueron capaces de ejecutar. Unos presupuestos que repercuten de manera negativa en nuestra provincia, son una auténtica vergüenza y por eso queremos mostrar nuestro rechazo.



Sra. Presidenta.- ... sin intervención polo tanto someto esta moción do Grupo Provincial do Partido Popular a votación. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeitada por 16 en contra e 11 a favor.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do Partido Popular (PP), rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de rexeitamento aos Orzamentos Xerais do Estado 2023.

9.7880.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA RECLAMAR Á DEPUTACIÓN SUBVENCIONS PARA AS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA PARA FINANCIAR PROXECTOS DE MANTEMENTO, MELLORA OU AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA A DOMICILIO (EXPT. 2022064314)**

Sra. Presidenta.- Paso ó segundo punto da orde do día, o punto 9. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para reclamar á Deputación subvencións para as Comunidades de Usuarios de Augas da Provincia para financiar proxectos de mantemento mellora ou ampliación dos servizos de abastecemento de auga a domicilio. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Ben, queremos volver a manifestar unha vez máis o noso apoio e a nosa defensa da xestión que fan os veciños das infraestruturas hidráulicas das súas aldeas e das súas parroquias. Que na meirande parte da provincia de Pontevedra, no seu rural, son xestionadas directamente polos veciños e en comunidades de usuarios de augas. No exercicio destas funcións as comunidades de usuarios de augas deben acometer as obras precisas para garantir a calidade e a cantidade de subministro incorrendo en moitos gastos que lle corresponderían noutro caso ós propios concellos. Hai que dicir que son moitos os concellos que contribúen mediante subvencións á mellora destas instalacións de captación, de potabilización e subministro que realizan tales entidades. Os concellos de menor poboación e recursos teñen moitas dificultades para financiar ou contribuír ao financiamento de tales investimentos, moitos deles de moita dimensión e contido. Como vimos defendendo sempre corresponde ás Diputacións Provinciais, segundo a norma, asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos públicos de competencia municipal en todo o territorio da provincia. As comunidades de usuarios de augas prestan servizos que debera noutro caso prestar o



concello respectivo, tendo tales entidades a natureza xurídica suficiente para contar con apoio da administración local. Sorpréndenos que noutras administracións, como a Xunta de Galicia, noutras Diputacións ou os propios concellos, si poidan sacar ordes de concorrencia competitiva ou incluso firmar convenios coas comunidades de usuarios de augas e a Deputación de Pontevedra, gobernada polo Psoe de Vigo e o Bng de Pontevedra, pareza que non saiban nin que existen. Vostedes parece que non saben nin que existen e que descoñecen ademais, como vimos manifestando en moitos Plenos con este tema, que hai veciños que están nas directivas das comunidades de usuarios de augas, que teñen que ir ás dez da noite ó monte, a pechar o circuito dos depósitos para recuperar o caudal de noite, que se teñen que espertar ás 6 da mañán para volver a subir ó monte para abrir o circuito hidráulico e que se poida recuperar o subministro nas vivendas, sen ningún tipo de apoio desta Institución. Ríanse, estanse rindo, a verdade é que a cámara non os grava, pero hai deputados que se están rindo do que estou dicindo. Isto pasa en Cuntis, isto pasa en Pontecaldelas, isto pasa en Cerdedo-Cotobade, na Lama, nos concellos do rural onde non hai rede pública de auga nas parroquias e nas aldeas. ¿Por que non se apoia dende a Deputación con procesos como fan outras administracións, como fan outras diputacións, para tratar de suplir esa falta de apoio, de cartos, de gasto, por parte dos veciños. Non dan unha resposta, é porque non queren, non queren apoiar a estes colectivos, son un colectivo privado coma outro calquera, que ademais exerce unha competencia, como dicía antes, que debera ser prestada polos concellos, i que sería imposible e inviable que os concellos da provincia, os pequenos, evidentemente, puideran asumir a xestión mediante a rede pública de auga de todas as traídas de augas veciñais. Deberíamos de estar moi agradecidos dende as administracións públicas, sendo os seus representantes, á xestión que fan os veciños con respecto á auga no rural. Síganse rindo, pero eu lles vou a quitar a careta, pregúntenlle ós seus alcaldes si isto pasa ou acontece. Claro, vostedes miráronse tan presionados durante este ano pola falta de axudas, de apoio e de subvencións que sacaron unha línea dedicada exclusivamente para os concellos na que só se podía investir en rede pública de auga, en redes municipais de abastecementos de augas, porque ningún Interventor, como ben saben, pasa que os concellos invirtan, destinen cartos ou paguen facturas de entidades privadas, que non son de titularidade municipal, como son os abastecementos de augas, e as traídas de augas xestionadas por comunidades de usuarios de augas que se quedan fóra das axudas que vostedes sacaron i soamente destinaron ós concellos. Vai haber moitos concellos que non poidan concurrir a esa línea de axudas que sacaron porque as necesidades que hai no seu concello, é absolutamente en líneas privadas de abastecemento de auga e non en pública. Recapaciten, rectifiquen, como fan sempre cando veñen 6 meses despois con algo que pide o Partido Popular.

Sra. Presidenta.- Sr. Font, ten a palabra. ¡Ai!, perdón, perdón, Sr. Mosquera, descúlpeme, descúlpeme. Ten vostede a palabra Sr. Mosquera.



Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, grazas. Mira que son ou é vostede machacón con eso e á parte faltón. O Sr. Cubela di que vén sempre a falar con normalidade e é faltón, porque iso de dicir que é, ¿como é?, o Psoe de Vigo e o Bng de Pontevedra, ou sea, que eu sepa aquí teño un deputado de Tomiño, unha diputada de Moaña, un deputado de non sei onde, que forman parte do goberno. Entón é unha falta de respecto bastante, bastante, bastante tal; é como se dicimos, non, no Partido Popular da oposición quen manda é un concello de, pequeniño que, vamos, os grandes non existen. Non se nos ocurriría nunca dicir tal cousa porque é dunha, é dunha, vamos, dunha soberbia, dunha tal, que non creo que sexa, non creo que sexa procedente. Pero, vamos ó asunto, aquí houbo un plan no seu momento que era o plan de acción caciquil ou comunitaria, que lle chamaban, que se utilizaba basicamente para onde gobernaba o PP darllo ás asociacións afíns ou non darllo e onde non gobernaba o PP darllo ás asociacións afíns ó PP, sempre, vamos, se fora hoxe, as que se fixeron con aquelas obras, ou con aquel plan seguramente habería máis de un inhabilitado, pero bueno, eran outros tempos e demais. E, resulta que volvemos outra vez á mesma, é que o Interventor non me deixa, ou sea, a Deputación pode saltarse as normas, repartir como queira, temos un informe de Secretaría que di que isto non é o procedente, pero a Deputación ten que arreglarlle ós concellos non só o financiamento, que llo arregla, senón á parte os problemas que hai na interpretación de normativa ou o que sexa, ou sea, unha competencia municipal que está prestando unha comunidade de usuarios, dille usted que non é posible que o concello actúe aí, pero se o concello ten obrigas en auga, ten as obrigas en auga, no subministro de auga domiciliaria, ¿non?, e entón volvemos outra vez a intentar romper, que é algo persistente en vostedes, teñen a mala conciencia de cando estiveron aquí gobernando caciquearon o que lle pareceu ben, beneficiaron a un e prexudicaron a outro, e queren romper a equidade, díxenllo o outro día, ou sea, non é só nos concellos pequenos, en Pontevedra hai cantidade de traídas de augas; en Moaña, en Pontearreas, en Vilagarcía, en todos. Pero, entón si un concello, por exemplo, tuvo a necesidade ou a, vamos, a disposición a facer un sistema público, entón non recibiría por esa vía, ou sea, recibe e ó final o concello pois escápase. Non, queremos tratar a todos os concellos igual e queremos que cada concello xestione como ben entenda, como ben entenda nas súas competencias, ¿vale?, se vostede me di que o Interventor non lle deixa ou Interventora, será un problema do concello, non llo vamos a resolver aquí nós saltándonos ó concello ou saltándonos á Intervención ou saltándose o que sexa. ¿Vale? Evidentemente, bueno, que este plan da seca que fixemos que o critiquen, é que é algo inaudito, é algo inaudito, demos a posibilidade de que actuaran, demos a posibilidade de que actuaran tamén nas comunidades, expresamente está, demos a posibilidade, unhas cantidades tal, entón, resulta que teñen, que teñen un problema, é como, non sei, por poñer un exemplo, queremos facer unha obra e resulta que os terrenos non os temos a disposición, e entón decimos, non, non, que non faga, non fago eu a obra, que a faga a Deputación, pero se non ten os terreos a disposición o



problema será igual pa un que pa outro, exactamente igual, temos a mesma normativa, que eu sepa, ou agora a Deputación ten unha normativa de contratos e de subvencións diferente, é que temos a mesma. Entonces, a agua é unha competencia municipal, unha obriga municipal, xestione cada concello como ben entenda e a Deputación aporta os recursos ó concello que pode metelos na agua ou noutro lado, donde queira, donde queira. E non nos veñan de rebote con estas historias, ¿ou que quere?, ¿que nos metamos dentro do seu concello a xestionar coas comunidades cousas, puenteando, ponteando á alcaldía? ¡Home!, non nos pida eso, non o vamos a facer, eso facíano ustedes, nós non o vamos a facer.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Sr. Font, ten a palabra. E vou a ausentarme do Pleno, queda o Sr. Mosquera dirixindo ata que remate.

Nestes intres, sendo as doce horas e cincuenta e nove minutos, auséntase da sesión a Sra. Presidenta pasando a presidir o Pleno o Sr. Vicepresidente, Sr. Mosquera, ata o remate da mesma.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Cuando el Sr. Cubela se queda sin argumentos se adentra en conceptos filosóficos de la política, representación y otros ejemplos y otros conceptos, y el primer concepto que debería de tener, Sr. Cubela, es el de respeto a los gobiernos legitimamente elegidos por los ciudadanos, y este gobierno provincial está elegido democráticamente por los ciudadanos de la provincia y es representativo de toda la provincia. Pues desde este gobierno representativo de la provincia y elegido democráticamente somos muy conscientes del papel que juegan las comunidades de aguas, pero tienen ustedes a su disposición el informe que el otro día pidieron. Y cuando se pide un informe, hombre, lo más lógico y lo más respetuoso es respetar, valga la redundancia, ese informe. Y ese informe dice claramente que no podemos financiar a comunidades de ámbito privado. De todas formas resulta ciertamente sorprendente en el discurso de un militante del Partido Popular, que no se dirija a la Xunta de Galicia; y resulta sorprendente que no reclamen ustedes un plan específico para comunidades de aguas que debería de tener la Xunta de Galicia. Se refería el Vicepresidente a aquel plan de acción caciquil, y entiendo que esto es lo que ustedes echan de menos. Pero miren, vamos a aprobar esta moción para remitírsela a la Xunta de Galicia entendiendo que deben de hacer un plan, eso si, transparente, equitativo y justo para todas las traídas de aguas. La verdad es que en momentos de cambio climático una administración autonómica como la Xunta de Galicia, debería de tener un plan, pero claro, ustedes que hablan de reducción de impuestos han subido los impuestos en el canon del agua y se va a recaudar, con la ley que han hecho, 28 millones más, con nuevos cánones de colectores y de depuradoras; ustedes que son los que dicen que van a bajar impuestos. Pues miren, lo lamentable es que con ese canon del agua, el que había y el que incrementan 28 millones, no atiendan a todos los concellos. Porque,



me hacía gracia, hablaba usted de una convocatoria, no, la convocatoria es la que figura en el proyecto de presupuestos de la Xunta de Galicia en la que se establecen partidas nominales a 10 concellos de esta provincia que lo único que tienen en común son alcaldes y alcaldesas del Partido Popular. Y se los relato, mire, estas son las partidas nominativas, ustedes que hablan de transparencia: Concello de A Estrada, abastecimiento a núcleos rurais de Tabeirós e Nigoi, 773.000 euros en 2022 y 400.000 en 2023; Marín, saneamiento del río Lameira, 950.000 euros y 3.000.000 en 2023; Lalín, mellora de saneamento no concello, ya ni le voy a dar las cifras; Mos, mellora de red de saneamiento en puntos rurales, 400.000 euros para este año 2022; Salvaterra, también mellora de saneamento e diputación; Valga, Vilanova de Arousa, Arbo, Campo Lameiro y Oia. ¿No hay más concellos en esta provincia que tengan necesidades similares y equivalentes a las que tienen estos 10 concellos, que insisto, lo único que tienen en común es que tienen alcaldes y alcaldesas del Partido Popular? Pues bueno, todo esto, que además figura y es oficial, en los presupuestos del 2003, del 2023, a la forma de actuar del Partido Popular podríamos sumar aquel plan piloto para obras en traídas de aguas de concellos de menos de 5.000 habitantes, que fue convocado por la Xunta el año pasado; era para concellos de menos de 5.000 habitantes, lo que pasa que luego se dieron cuenta de que Cerdedo-Cotobade tenía más de 5.000 habitantes, entonces hubo que hacer una rectificación para favorecer a otro concello del Partido Popular. Esta es la forma de actuar, este es el ejemplo y esta es la forma, ya digo, en la que ustedes se preocupan de todos los concellos de Galicia y en especial de la provincia de Pontevedra, por lo tanto, igual le sale cara esta moción a la Xunta de Galicia, en la medida en la que se la vamos a remitir para ver si hacen un plan, y hombre, teniendo en cuenta que el Sr. Rueda es el presidente del PP de toda Galicia y fue de esta provincia, esperemos que se ponga a la tarea. Gracias.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Grazas Sr. Font. Sr. Cubela, décheslle dúas veces. Vamos a ver. Ahora son 3 minutos. Ala.

Sr. Cubela López.- Moi ben. Bueno, Sr. Mosquera, vostede parecía que quería xogar á segunda parte do debate do punto anterior do Plan Concellos. Pola súa banda o Sr. Font, os representantes do Psoe de Vigo nesta Deputación, non se enteran de nada. Pensei que tiñan máis nivel pero a verdade é que descoñecen absolutamente do que estamos a falar. Miren, hai administracións públicas, administracións públicas con estatutos de administración pública, que sacan en concurrencia competitiva axudas destinadas a comunidades de usuarios de augas. Vostede, cando dixen que non se enteraban de nada, non o dixen faltando ó respecto díxeno dende a ampla realidade. A Xunta de Galicia leva 6 anos convocando subvencións en apoio ós colectivos, asociacións de veciños i comunidades de usuarios de auga. ¿Sabe quen o fixo? O Sr. Rueda, como Conselleiro de Presidencia, ao que vostede acaba de convidar a que por primeira vez faga isto, cando xa o levamos facendo dende o Partido Popular na Xunta



de Galicia 6 anos. ¿Saben quen é o concello da provincia que máis se beneficia?, o concello da provincia que máis subvencións recibe as súas comunidades de usuarios de augas? O Concello de Tomiño, gobernado polo Bloque, esa é a transparencia da decisión de sacar en concorrència competitiva esas axudas. O concello que máis axudas recibe cada ano da provincia é o Concello de Tomiño. Tamén recibe moitas Cerdedo-Cotobade, evidentemente, porque, ¿sabe o traballo que levamos facendo dende o departamento de medio ambiente no noso concello? Unha laboriosa e inxente carga de traballo para axudar ós colectivos, ás entidades das comunidades de usuarios de augas, á súa legalización, á redacción dos seus proxectos, i tamén, por suposto, ao asesoramento na xestión das súas infraestruturas. Por iso, porque presentamos un bo proxecto á convocatoria que sacou Augas de Galicia, fomos resultantes e beneficiarios para a redacción dun plan de abastecemento autónomo de auga co que imos axudar a moitas traídas de augas. Pero mire, estamos na Deputación de Pontevedra, podíamos falar da Diputación de Alicante, da Diputación de Valladolid, de Soria e de León, ou da gobernada polo Partido Socialista en Lugo, en Lugo, que no mes de setembro deste ano, fai un mes, saca explicitamente unha orde, unha convocatoria, destinada exclusivamente a comunidades de usuarios de augas, o mesmo que este grupo e este alcalde lles pide hoxe con esta moción, o mesmo. Home, non vamos a falar aquí ou facer unha clase de dereito comparado, pero a Diputación de Lugo e a Diputación de Pontevedra, mentres non cambie o réximen estamos ante a mesma aplicación de dereito, a mesma, o que pasa é que vostedes non queren, non queren, porque vostedes representan ó Psoe de Vigo e ó Bng de Pontevedra, que están totalmente afastados de Bora e de parroquias de concellos coma os que citei antes. E home, xa veremos cantos concellos concorren ás axudas que sacaron para os municipios, pediremos informe a ver cantos concellos concorreron, porque a dificultade era máxima.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Gracias Sr. Cubela. A ver, é que me parece que é un debate sobado e manido e non sei si vale a pena, perdón, perdón, son dous minutos, ¿non?, vale. É un debate sobado e manido e non sei si vale a pena. Apuntábame aquí o Interventor que era, creo que é unha boa idea, xa que antes falou, a min non me gusta refuxiarme nos funcionarios pero, home, se teñen tantos problemas esto é fácil, ou sea, o concello di que non é capaz a facelo, renuncia a unha parte do Plan Concellos na mesma cantidade en que a Deputación lle dea á comunidade augas, problema resolto, por buscar unha solución, xa está, non temos ningún problema, entón, podíase resolver perfectamente. Ahora, eu non quero entrar en cuestións personales con usted, e utiliza cantidade de argumentos “ad hominem”, ¿non?, e demais, pero quero dicir que eu vivín no rural, son, nacín no rural, vivín de maior no rural e coñezo perfectamente esa problemática, ¿vale?, eso de insultar e dicir “é que ustedes non saben, ustedes deixan de saber”, que quere que lle diga, e sigue, sigue coa trécola de se son os de aquí ou os de alá, faltándolle ó respecto a todos os compañeiros de Corporación e de goberno que non son das cidades. De verdade, é algo que non,



mire, se esto, mire, cando ustedes gobernaron na Diputación da Coruña, que debeu ser do 11 ó 15, ¡eh!, do 11 ó 15, invertiron absolutamente o que se daba, ou sea, resulta que a quen lle dedicaron máis cartos foi a Santiago, a Coruña e a Ferrol, deixando ós concellos pequenos de lado. Non pasa esto nesta Deputación para nada, en absoluto, e usté sábeo perfectísimamente. Mire, vaia por outra vía, ou sea, aquí de roer máis cartos da Deputación, todo o mundo busca por un lado, uns porque son concellos turísticos, outros porque son grandes, outros porque son pequenos, hai unhas normas para todos e non vamos a dar máis cartos a uns ou a outros e función do que, ¿non?, de que roía por un lado e por outro. Ten a palabra Sr. Font.

Sr. López Font.- Bueno, yo coincido con el Vicepresidente que este es un tema muy sobado y demás, lo que pasa es que en la medida en la que se dicen cosas tan graves como las que dice el Sr. Cubela, con esta falta de respeto permanente, hombre, contestar hay que contestar, lo que no admite derecho comparado, Sr. Cubela, es la concurrencia competitiva del presupuesto del 2023 de la Xunta en la que son nominativas a favor de los concellos del Partido Popular. Eso sí que no lo admite. Y luego, claro, venir a pedir informes a este Pleno para luego no hacer caso y no aceptar esos informes, hombre, hablar de nivel, pues yo también me puedo referir al nivel que exhibe usted. El informe es concluyente, no podemos hacerlo y no sé lo que hacen otras administraciones, pero usted está en esta administración y no tiene razón. Y es verdad que con esta moción lo único que se descubre es que ustedes están empeñados en hacer aquí lo que se hace en la Xunta, aquí se llamaba plan de acción comunitaria, conocido por plan de acción caciquil, y esto es lo que ciertamente echan ustedes de menos. Pero mire, le hablaba antes de los hechos, a usted hablar de los hechos no le gusta absolutamente nada, pero claro, le diré, con todo lo que usted comenta de lo realizado por los concellos, que entre 2016 y la actualidad los concellos han hecho 80 obras de abastecimiento de agua potable y han realizado 275 obras de saneamiento, con ese Plan Concellos, que a ustedes les encanta cuándo no les oye nadie, y que aquí tienen que venir a abstenerse. Por lo tanto, es verdad que nosotros hemos convocado unas ayudas extraordinarias para el tema de la sequía, con 3 millones de euros, pero lo que no me cuestionará, Sr. Cubela, es que la Xunta lo único que ha sacado es una convocatoria de 580.000 euros para hacer estudios para obras. Por lo tanto, miren, la realidad es la que es, los hechos son los que son, y yo también quería hacer unas preguntas, lo que pasa que usted tiene la manía de no contestarme a las preguntas, usted que tiene hilo directo con el hoy Vicepresid ..., con el hoy Presidente de la Xunta de Galicia, contésteme por favor a con qué criterios se gasta el canon del agua, ¿con qué criterios se le da a unos concellos si y a otros no? ¿Por qué en los presupuestos de la Xunta de 2023 sólo aparecen nominativamente 10 concellos? Contésteme a esto. ¿No hay otros concellos que tienen también necesidades? Y claro, le pido por favor que no se me vaya por las ramas de contestarme, que si los fondos Feder son genéricos y que hay que



hablar del saneamiento de las rías, porque esto lo tendrían que haber tenido solucionado hace ya diez años.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Gracias Sr. Font. Sr. Cubela, agora si que son dous, ¿non?. 2 minutos. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Si, bueno, acabámolo de comprobar, a verdade é que hoxe están por ser sinceros, transparentes e quitarse a careta. Vostedes piden que os concellos insolventes renunciem, vostedes piden que os concellos que son paraísos fiscais renunciem, vostedes pídenos que renunciemos mentres nós pedimos axudas para os veciños e para as comunidades de usuarios de auga. Respóndame vostede a esta pregunta, ¿por que a Deputación de Lugo saca o mes pasado unha orde de axudas a comunidades de usuarios de auga e vostedes din que non poden? Digan que non querem, digan que non querem, non querem, Sr. Font, non se escude no informe do Secretario, eu respecto a independencia técnica do Secretario, pero tamén se dixo nesta casa que non se podía convocar o Pleno do caso de corrupción da cuñada e un xuíz dixo que estaban vulnerando dereitos fundamentais dos deputados do Partido Popular. Se querem poden, igual que fai Alicante, igual que fai Valladolid, igual que fai Soria, igual que fai Lugo, gobernada polo Psoe, o que pasa é que non querem, teñen unha orde de prioridades na que non están os veciños do rural nin os concellos pequenos y medianos, esa é a realidade, esa é o que representan, é o que dicía eu antes, o que veño dicindo nestes últimos meses. Eu son alcalde e sei os problemas que teñen os veciños do rural, os veciños das parroquias, para acometer melloras nas infraestruturas hidráulicas e a Diputación debería de estar para eso, porque para eso sigue existindo, ademais de que ten como obxectivos cooperar e garantir a prestación na totalidade da provincia dos servicios de competencia municipal. Se querem poden. A Xunta de Galicia leva seis anos axudando ás comunidades de usuarios de augas de Galicia, de todos os concellos, de todas as agrupacións que o piden. Hai máis dunha línea, hai unha línea para a colocación de contadores, hai unha línea para a axuda da mellora da infraestrutura, e houbo unha línea na que se beneficiaron concellos de Galicia para facer plans autónomos básicos de auga. Esa é a diferencia entre vostedes e nós.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Gracias Sr. Cubela. Procedemos. Prefiero, prefiro estarme calado porque piden un informe, resulta que o informe di que no, e despois todo o problema é que nos concellos os interventores igual din que non e entón é un problemón, aquí non, aquí nós podemos saltarnos os informes, que pediron ustedes non nós, podemos saltarnos os informes, podemos facer da capa un sallo, dunha maneira fantástica, a argumentación é brillante. -Bueno, xa, a eso vamos, a eso vamos, bueno, bueno, non pasa nada, seguro que queda máis tranquilo sen escoitar. Moi ben, pero supoño, supoño que se quedará moito máis tranquilo sen escoitarme-. ¿Votos en contra da moción do Partido Popular? -Por favor, Sr. Cubela, vostede é



alcalde e sabe como vai un Pleno, ¡eh!. Vale, en fin-. ¿Abstencións? ¿Abstencións? Non hai. ¿Votos a favor? Queda rexeitada por maioría.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do Partido Popular (PP), rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para reclamar á Deputación subvencións para as comunidades de usuarios de augas da provincia para financiar proxectos de mantemento, mellora ou ampliación dos servizos de abastecemento de auga a domicilio.

10.7881.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Asuntos fóra da orde do día. Non hai.

Non houbo.

b) Parte de información e control:

11.7882.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE SETEMBRO DE 2022 (EXPTES. 2022063826 – 2022061970)**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Vamos á parte de información e control. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2022. ¿Algunha cousa sobre isto? Queda dado conta.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de setembro de 2022, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con datas 5 e 6 de outubro de 2022, respectivamente, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido



no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de setembro de 2022 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES SETEMBRO 2022

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Setembro	10,7882042854	5.769.458,19	5,6700035988	1.314.211,12	9,8386404418
Escola de Enfermería	Setembro	7,9328332680	2.397,02	0,0000000000	0,00	7,9328332680
Consorcio de Incendios e Salvamento	Setembro	19,3186393416	12.157,35	29,3719786609	44.942,82	27,2314952828
Consorcio Deza Tabeirós	Setembro	13,2702795000	4.653,97	10,2409043000	4.111,30	11,8493683062
TOTAL			5.788.666,53		1.363.265,24	9,9793284846

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 21 de outubro de 2022 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial



contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

12.7883.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DURANTE O 3º TRIMESTRE DO 2022 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (EXPTES. 2022063828 - 2022062497)**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- 12. Dar conta do informe de Intervención relativo ó cumprimento durante o 3º trimestre do 2022 dos prazos ..., bueno, todo eso. ¿Algunha intervención? Non hai. Queda dado conta.

A Intervención con data 7 de outubro de 2022, elaborou un informe dando conta do cumprimento pola Deputación de Pontevedra, a Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e o Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o terceiro trimestre do 2022, en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das



Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 3º trimestre de 2022, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2022

1. Con referencia á data de conformidade da factura

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	11	3.311	13.551.685,99 €	96	694.677,29 €
Escola de Enfermería	9	7	7.665,79 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	16	52	42.963,56 €	9	5.408,64 €
Consorcio Deza e Tabeirós	9	65	21.598,08 €	0	0,00 €

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	5	351	1.513.244,74 €	10	9.053,05 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	29	51	34.556,03 €	35	10.605,39 €
Consorcio Deza e Tabeirós	11	13	4.111,30 €	1	65,12 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
-----------------------------	-----------------	-------------------------



Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base os cálculos detallados neste informe podemos concluír que **se cumpre** co prazo de pago a provedores legalmente establecido”.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 21 de outubro de 2022 tivo coñecemento do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e Salvamento e Consortio contra incendios Deza Tabeirós, durante o terceiro trimestre de 2022, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e Salvamento e Consortio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o terceiro trimestre de 2022.

13.7884.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Dar conta das Resolucións Presidenciais. ¿Algún comentario? Non hai. Queda dado conta.

Queda enterado o Pleno da relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 27 de setembro e 24 de outubro de 2022.

14.7885.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Rogos e preguntas. A ver, bueno, a ver, que pasa aquí, bueno.

Sr. Maril Pardo.- Bos días Vicepresidente, bos días a todos e todas. Nós é un rogo en relación coa rotonda que se executou en Silleda, na intersección entre os viais EP-7201 i



a PO-201, dado que xa se executou fai varios meses i levamos vendo pois que se están creando acumulacións de auga nalgún punto da rotonda, i tamén se desprende algunha parte do firme pois nalgún lateral. Solicitamos i rogamos que se revise esta actuación, que se poñan os medios para intentar evitar que se sigan producindo estas acumulacións de auga na rotonda.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Gracias Sr. Maril, tomamos nota e transmitimos o rogo. ¿Algún máis? Si, señor, ¿estades cambiados de sitio? Aquí aparéceme Estévez Freire María Elena (*escóitase unha voz*) no, no o outro si. A ver, é que así non ...

Sr. Domínguez Alfonso.- Bueno ¿Podo falar, non? Si. Vale. Bueno, bos días.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Xa está, agora si.

Sr. Domínguez Alfonso.- ¿Xa está? Vale, bos días. Este é un rogo tamén de Infraestruturas. Fai dous anos aproximadamente leváronse a cabo unhas obras de mellora na saída da A-52, na EP-5005 no Concello da Cañiza, e despois dunhas peticións, pois bueno, pois de que había uns problemas de seguridade en canto de como se aparcaba. Se fixo esa obra de reacondicionamento de espazos, e non se prohibiu o que se pedía no seu primeiro momento que era que non se puidesen aparcas os camións; eses camións seguen aparcando alí, hai un riesgo de visibilidade enorme nesa saída da autovía, e agora ademais con esta nova rotonda que se vai a construír alí pois estamos vendo que se mellorará seguramente a seguridade vial pero se elimina completamente os pasos de peatóns, que xa non había, nin calquera tipo de arcén. Entón que por parte do rogo, o rogo é que por parte dos técnicos da Deputación ou en este caso de Infraestruturas, que se revise esa zona onde se fixo esa reorganización de espazos, que provocou aínda non fai moito pois un accidente moi, moi grave, e ademais, pois bueno, esta nova rotonda e o tema dos pasos de peóns e os arcéns que desaparecen.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Gracias.

Sr. Domínguez Alfonso.- Si, teño, e teño outro rogo. O rogo, bueno en marzo de este ano do 2022 houbo unha rolda de prensa aquí na Diputación e donde a Presidenta pois decía “que poñía o Príncipe Felipe a disposición da Fegamp para que se puidesen acoller ata 35 refuxiados ucranianos”, ¿non?. Non nos consta de que a día de hoxe pois haxa ningún refuxiado alí no Príncipe Felipe; e si rogamos que se faga todo o posible para que esas instalacións que podían acoller perfectamente pois a este número de personas refuxiadas de Ucraia, pois que estean a disposición deles porque vemos que



ese conflito vai ir para largo e é unha pena que tendo unhas instalacións como están alí, que poden acoller a estes refuxiados, que non o fagan.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Pois, ¿non hai máis? ¿Algún máis? ¿Algún rogo ou algunha pregunta máis? Pois non habendo máis rogos ou preguntas, pois levántase a sesión. Bo día a todos e bo fin de semana.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as trece horas e vinte e dous minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

